

Rabusco

XULIO CUNS LOUSA*

GLOSARIO DE VOCES E FRASES recollidas na comarca de Betanzos, das que unhas non figuran nos dicionarios por min consultados e outras si figuran, pero con diferente acepción, como por exemplo a palabra que da título a este traballo: RABUSCOchámasele en Betanzos ó feito de ir os rapaces, unha vez vendimado, a recoller os acios e piñucos (acios pequenos) que quedaron esquecidos ou que os vendimadores consideraron que non pagaba a pena recoller.

A idea de facer esta colleita xurdiu despois de que caeran nas miñas mans dous libros moi importantes para a lexicografía e lingüística galegas: FRAMPAS (1) e GLOSARIO DE VOCES GALEGAS DE HOXE (2).

Cavilei que Betanzos e a súa zona de influencia tiña algo que aportar ó atlas lingüístico galego ou, inda que non sexa máis, a un "DICCIONARIO DE ERROS".

Escomencei esta tarefa no ano 1987. Dende entón fun anotando palabras e frases que logo foron pasando ás correspondentes fichas. Pero este tempo sería pouco, faríase moi curto se non fora porque na miña memoria estaban gardadas a meirande parte das que aparecerán neste glosario, xa que, de sempre, me chamou a atención a distinta forma de expresarse as xentes das diferentes bisbarras do noso país, atopándose mesmo tal diversidade dentro dunha comarca relativamente pequena como é a de Betanzos.

A miña profesión de oficial de notaría púxome nunha situación privilexiada para levar a cabo a presente tarefa. Levo máis de corenta anos nunha oficina na que a inmensa maioría da xente que entra vive no medio rural ou procede del. Elo supón que querendo interesarse nun tema coma este xa un atopa feito o traballo que máis tempo leva: o de trasladarse ós distintos lugares e andar preguntándolle á xente como se dí isto, como lle chaman a estóuto e que nome ten o de máis alá. Non, a xente veu onda mín, precisou falar connigo e como eu, dende neno falei de cote galego, facíalles a conversa doada e non se atopaban nesa situación embarazosa de cando chegan ó convencimento de que teñen que falar obrigatoriamente nunha lingua que non lles é habitual.

Por estas circunstancias eu xogaba con vantaxe xa que eles falaban do mesmo xeito que o fan na súa casa, no traballo, na taberna, no adro a saída da misa, en fin, eran verdadeiramente eles.

Con todo iso cando en ocasións non entendía algunha palabra que me interesaba recoller e lle pedía a aquela persoa que, por favor a repetira, raras veces o facía senón que dicía outra de significado semellante, en galego, ou máis ben en castelán.

* Xulio Cuns Lousa, betanceiro, foi redactor de "El Eco de las Mariñas; membro da Asociación Cultural "Candilejas", a Coral Polifónica de Betanzos, etc. Traduceu ó galego e publicou dúas obras de Rabindranth Tagore. e é autor, en colaboración, do libro *Alcumes recollidos en Betanzos*. E secretario e asesor do Anuario Brigantino.

(1)FRAMPAS- Contribución al Diccionario Gallego, de Eligio Rivas Quintas -Editorial CEME, Salamanca- ISBN: 84-7349-019-3

(2)GLOSARIO DE VOCES GALEGAS DE HOXE, de Constantino García; publicado en VERBA, ANUARIO GALEGO DE FILOLOXIA, anexo 27- Universidade de Santiago de Compostela-ISBN 847191-363-1

É tal o convencimento de que todo o que din está mal dito, de que cando falan están facendo un espantoso ridículo que, cando un lles insta a que repitan algo do que dixeron, cren que é para se rir deles.

Por mor disto hai que ir pillando todo "de oído" e o tal trae consigo moitas dificultades e o perigo de moitos erros, que se poden derivar de:

a) A mala vocalización de moita xente producida por diversas causas, como a falla de parte ou de toda a dentadura.

b) A confusión das letras c e f. Uns pronuncian recís e outros refís. Xa non se diga se concoren as dúas letras na mesma palabra, como en esa tan oída: Paffíco.

c) Confusión, en moitos casos, dun e pechado co i: *Depenicar, depinicar; belisco, bilisco; mentir, mintir*.

d) Confusión do e pechado co u: *Lemos, lemus; romeo, romeu; corral, curral; dormir, durmir*.

e) A musicalidade ou cadencia dos galegos cando falamos. As frases levan unha acentuación propia do canto gregoriano: comenzan piano, van "in crescendo" ata a metade onde se produce o máximo de intensidade e logo van "disminuendo", acabando nun pianísimo que máis se adiviña que se oe.

EXTENSIÓN TERRITORIAL

A zona á que corresponde este glosario poderíamos limitala ó norte co río Eume e os altos de Xestoso, ó sur co primeiro tramo do río Tambre e os concellos de Boimorto e Mesía, así como os altos do Mesón do Bento, ó leste coa provincia de Lugo e ó poñente, coa ría de Betanzos e os termos municipais de Culleredo e Carral.

Dentro destes confíns danse diferentes condicións xeográficas, climatolóxicas, culturais, etc., abrangendo dende a alta montaña: Vilasantar, Curtis, Sobrado, Cesuras, Aranga, Monfero... ata a zona das Mariñas: Bergondo, Sada, Paderne, Miño...con outras intermedias, como é natural. Con todo as diferencias dialectais son mínimas e as que eu fun observando como exclusivas dunha bisbarra concreta levarán a indicación correspondente.

Hai que deixar constancia de que o feito de figuraren recollidas neste traballo as frases e voces que o están, non quere dicir por elo que sexan exclusivas da comarca betanceira (3). Moitas delas xa as atopei nos libros devanditos e moitas máis estou seguro que integran o acervo lingüístico de outras zonas de Galicia.

En canto ó lector que, chegando aquí, se sinta con folgos para seguir adiante e teña a ben adentrarse no glosario, atoparase cunhas normas gramaticais non correctas, polo que creo preciso unha explicación previa, expoñendo as seguintes:

XENERALIDADES

1.- Gheada. Está estendida por toda a bisbarra que estamos a estudar, pero hai unha diferenza fonolóxica, xa que aquí o /g/ non "evoluciona" a /h/, fonema aspirado, normalmente farínxeo xordo, como copio dunha gramática, senon que, salvo raras excepcións, a xente pronuncia ese /g/ da mesma forma que o /j/ castelán, incluso tras /n/ en interior de palabra: *manjeira, dominjo* e mesmo precedendo ó /r/: *jraneira, jramática, jranxa*. Por esta razón os casos nos que se dea a gheada escribírase co signo j.

(3) A razón de que denomine betanceira á comarca antes delimitada está baseada en que Betanzos é a poboación máis importante, cabeceira de partido xudicial, ademais o lugar onde se recolleron todas ou case todas as voces.

2.- O plural das palabras acabadas en l, faise sempre engadindo a sílaba *es*: *portal, portales; caravel, caraveles; papel, papeles*. Como excepción o plural de *animal* é *animás*, agás na cidade de Betanzos, que se di *animales*. O plural de *real* (moeda) é *reás*, pero o de *real* (adxectivo) é *reales*.

3.- O plural das palabras terminadas en n, faise sempre suprimindo esa letra e poñendo s: *calzón, calzós; trombón, trombós; mandón, mandós*.

4.- Cando o signo x ten sonido ks a súa pronuncia é sempre s: *explicar, esplicar; excelencia, escelencia; exame, esame*. Esta última palabra tamén se pronuncia *ensamen*.

5.- Nas palabras que acaban en z dase o seseo: *luz, lus; xuez, xues* (aquí non se di *xuiz*); *dez, des*. Os plurais fanse correctamente: *lucos, xuecos, decos*. Sen embargo conservan o s en medio de palabra, nalgúns derivados: *xusjado, xusjar*.

6.- Aquelas voces que escomenzan pola sílaba *ins*, queda ésta reducida a *is*: *instalar, istalar; instancia, istancia; instante, istante*.

7.- Hai anos pronunciábase moito, sobre todo entre as xentes da mariña, o e paragórico: *mare, sole, calore, contadore, labradore*. Hoxe podemos dicir que case desapareceu, ofndose moi pouco e sempre a persoas de escasa cultura.

8.- Ás palabras terminadas en *ade*, suprímese a sílaba *de* final, polo que rematan en á tónica: *irmandá, humanidá, claridá* (4). Coido que esta norma é simplemente un castelanismo posto que nesta comarca, cando se fala castelán, as palabras equivalentes dese idioma, que rematan en *ad*: *hermandad, humanidad, claridad*, pronúncianse: *hermandá, humanidá, claridá*, agás algunhas persoas "hipercultas" que din: *hermandaz, humanidaz, claridaz*. Faime abondar neste convencemento o feito de que os plurais se fagan completamente correctos, utilizando o *de* que non aparece no singular: *irmandades, humanidades, claridades*.

9.- En canto ós advverbios que teñen o sufixo *ble*: *afable, posible, variable*, etc., a maioría da xente os pronuncia desa mesma maneira, pero tamén hai outra que converte o l en r: *afabre, posibre, variabre*... O que nunca lle ofn a ninguén é: *afabel, posibel, variabel*, que parece estar tan de moda.

10.- E con respecto á conxunción *e*, que moita xente sustitúe por *i*, nesta comarca ninguén o fai, agás aqueles que sempre foron casteláns-falantes e hoxe, por razóns políticas ou de outra clase, lles interesa amosar un carimbo galeguista. Lembro que cando eramos nenos chocábanos tanto oir o emprego do *i* como conxunción que se algún rapaz forasteiro o pronunciaba dicíamos os demais a coro: *I o can i o jato i o ollo no plato*.

Os anteriores casos atinxen con maior ou menor incidencia a toda a zona que estamos a estudar. Pero hai outros que son característicos e exclusivos da cidade de Betanzos:

1.- A substitución do pronome en terceira persoa *lle, lles* por *ñe, ñes*: *díxenñe, píxenñe, conteñes*.

2.- Entre algunha xente de pouca preparación cultural a palabra *na* (contracción da preposición *en* e o artigo *a*), sustitúese por *da* (contracción da preposición de co artigo *a*). De este xeito din: *Antón vai da Coruña; cando onte estaba da Pasaxe*...

3.- En canto ás formas verbais: *andabamos, andabades, andaramos, andarades*, etc. Úsase sempre a acentuación proparoxítona: *andábamos, andábades*, etc. Pero ademais, hai unha peculiaridade en canto á primeira persoa do plural que, algunha xente sustitúe o *m* da sílaba final por *n*, e así pódese oír: *ibanos lonxe e andábanos a dispaciño porque estábanos cansados*.

E tras este introito que safu máis longo do que se tentaba, imos entrar de cheo no GLOSA-

(4) As dúas formas *á* e *ade* veñen recollidas no DICCIONARIO ENCICLOPÉDICO GALLEGO-CASTELLANO, de Eladio Rodríguez González. Ed. Galaxia, Vigo, 1958.

RIO que, para ser completo, adoece dunha correcta explicación das palabras que o integran, sobre todo en canto á etimoloxía e outras ramas do saber gramatical, pero quen isto escribe non é filólogo, lexicógrafo nin versado en ningunha outra ciencia da linguaxe, senón soamente un ousado *coleccionista de palabras*, que pide perdón polo atrevemento.

A

abandar: Sacudir. Abalar. Abanear. // Amolecer. Frase: *has de abandar*: Has perde-los fumes.

abandonado: Desordenado, vago, suxo.

abancar: Abordar en tódolos sentidos, incluso no de dirixirse a alguén para falarlle de algún asunto. (CARNOEDO, SADA)

abocar: Misturarlle ó viño, caña ou outros elementos semellantes, para darlle mellor sabor e máis forza.

abotonado, abotonar e derivados: Abotoado, abotoar.

abrijo, de: Frase: *ser de abrijo*: Dise da persoa coa que hai que ter moito coidado.

acachear: Cachear, apalpar, examinar o que hai no bolso ou na roupa de alguén.

acando: Ó mesmo tempo. Frase: *vas acando el; naceu acando meu irmán*.

acapás: Capaz.

acarranchado, acarranchar: escarranchado, Escarranchar. Frase: *acarrancha pernas*: Levar a un montado no lombo coas pernas por derriba dos ombros.

acementar: Cubrir unha cousa con cemento, pavimentar con cemento.

acepillar: Figurado: Pegar unha tunda a alguén.// Conseguir face-lo amor cunha determinada persoa.

acérrimo: Que non comprende ou non quere comprender.

aciar: Marchar.

acristianar: Bautizar, ser padriño nun bautizo.

acubular e derivados: Acugular.

achancada: Espacio que queda entre os dous pes ó dar un paso longo.

achancar: O feito de dar unha achancada. Espacio que se avanza de cada paso que se da. Úsase moito cando varios porfían a ver quen recorre un espacio cos menos pasos posibles.

achifánfanos ou achifanganos: Toda clase de trebellos, ferramentas cousas sen utilidade, etc.

achuzar: Escarabellar cunha palla nun buraco para facer saír del un insecto, por exem-

plo os grilos.

adán: Frase: *comer bocado de adán*. Dise para indicar que se lle retira toda confianza a quen abusou dela.

adivertido, adivertimento, adivertir: Diver-tido, divertimento, divertir.

afameado: Afamado.

afeutivamente: Efectivamente.

afoscar: Esponxar.

afoto: Foto.

afrese, frese: Morango.

aí: Frase: *darlle a un por aí*: Ter unha manía.

aire: Frase: *aire do jato*: Certa enfermidade que atacaba ós nenos, que pensaban era producida por un gato e que crían que se curaba con certa liturxia. Entre outras cerimonias queimaban unhas vidras e, unha vez feitas cinza desfacíase esta e aparecían dentro os pelos do gato causante da enfermidade

airón: Ventarrón.

ajach: Voz para espantar ó gato.

ajanifoso, -sa: Persoa interesada, que todo quere para ela, que todo lle parece pouco.

ajatillar: Fuxir correndo.

ajieiro: E convinte ver o que di da palabra AGUIERO o Dicionario Enciclopédico Gallego-Castellano, xa citado. A parte diso nesta zona hai varios camiños chamados CAMIÑO DO AJIEIRO e todos coinciden en conducir a lugares elevados e despoboados. ¿Poderá indicar ese nome que conducen a sitios onde hai águas?

ajoismo, ajoista: Egoismo, egoista.

ajulleteiro: Recipiente para gardar agullas.//Almofada pequeniña que colga da parede e na que se cravan as agullas.

alá: Frases: *alá ti; alá el*: Indican que un se desentende do que outro poida facer.

alampar: Dise do lume cando colle forza e fai moita chama.

alárjalla: Antes da guerra civil, na época inmediatamente anterior ó entroido, había moitos xogos e diversións para a xuventude. Un deles era poñerse unha rapaza na beira dunha rúa ou dun camiño, cunha paxeta ou cesta ben chea e cuberta cun pano que non deixaba ver o contido. En canto pasaba algunha persoa maior pedíalle que lle axudara a er-

guer. En canto a outra persoa erguía a cesta a rapaza soltabaa pola súa banda e empezaban a caer as pedras de que estaba chea. Tódolos rapaces que se atopaban ó arredor empezaban a rir e a dicir: "alárjalla, alárjalla..."

Coido que con esta palabra querían decirle á persoa que "picara" que ela "alargara" a broma, facéndolla a outra. E moi extraño que en Betanzos se dixera "alárjalla" e non "alárjaña" o que indica que o xogo e máis a palabra foron importados.

alaxa: Alfaia, xoia.

albardeiro: Talabarteiro.

albustre: Certo arbusto, semellante ó mirto, que tamén se emprega para cerrar fincas.

alcabaleiro: Alcabeleiro.

alcacer: Alcacén.

alcipreste: Arcipreste. // Cipreste.

alcarnoque: Sobreira. // Persoa non lista.

alcolitro: Eucalipto.

aleuto, -ta: Espabilado, -da.

alferesia: Ataque cerebral.

alfileteiro: Alfineteiro.

aljién: Alguén. Frase: *parece aljién que vai pa aljures*: Dise de quen xa é presumido e que, por ir ben vestido, inda presume máis.

algustre: Certo arbusto.

aliboriada: Arroutada, cousa imprevista.

alistar: Rematar un traballo.

almario: Armario.

almídalas: Amígdalas.

alpaca: Paca, pacote, fardo de palla ou herba seca.

alpende, alprende: Alprende.

alquilino: Inquilino.

alunarar: Dise do feito de estragarse as patacas, cebolas e outros produtos agrícolas, pódose de cor verdosa, cando lles da a luz da lúa, razón pola que se tapan cando se estenden no faiado ou en calquera outro lugar no que se armacenen.

allo macho: Allo dun só dente, do que os supersticiosos pensan que da boa sorte.

amarote: Froito do morangueiro silvestre.

amasixo: Amasillo.

amazacotado: Aquilo que ten aspecto de mazacote.

ambrada: Brazada moi grande.

amortaxar: Amortallar.

amoscado: Escamado, receoso, que sospeita algo.

ampanada: Empanada, no sentido de masa cociñada con recheo de peixe, carne ou outras

cousas. Frase: *ter unha ampanada*: Estar algo ido.

anabolena: Muller de pouco sentido.

anajar: anegar.

andalias: Sandalias.

andarín: Aquel que anda moito, que é amigo de camiñar.

andrómena: Embuste. Frase: *tes boa andrómena*: Díselles ó que ten moita sorna.

anemia: Anémica. Frase: *fulana está anemia*: quere dicir que está anémica. Nunca o oin en masculino. (VIXOI, BERGONDO).

anjonía: Agonía.

antano: Frase: *chamarse antano*: Facer coma se un se esquecera de algo. // Faltar a unha promesa.

antoxar, antoxo: Antollar, antollo.

apancar: Levar a de perder.

aparecido: Semellanza, parecido. Frase: *ten moito aparecido co seu irmán..*

aparexador: Aparellador. En cambio dise APARELLO máis que APAREXO.

aparexar: Aparellar.

apecear: Dividir unha finca en varias pezas. (Dise moito cando se fan as partillas dunha herencia).

apedrear: Apedrar.

apestillar: Asegurar algún trato, negocio, etc. Dise preferentemente cando existe dolo para a outra parte.

apicharlado: con pencas ou pinchas.

apousar: Dise do feito de depositar un líquido os pousos no fondo do recipiente no que se atopa.

aprejar: Pegar, no sentido de adherir, colar, unir.

aprejo: Frase: *fulano é d'aprejo* ou *de man d'aprejo*: Quere dicir que hai que ter coidado con el, que hai que desconfiar.

apricado, apricar: Aplicado, aplicar.

apurrular: En xogos de rapaces como as bolas ou canicas, deixar ó contrario sen ningunha.

arbañil: Albanel.

arco: Aro. Emprégase máis que nada para designar ese xoguete para nenos, de madeira ou de ferro, que se fai rodar dándolle cun pau ou levándoo cunha CORREDERA (Véxase esta palabra).

arenje: Arenque.

arjana: Branquia.

armar: Inventar. Frase: *armar ó merlo*: Crear cousas coa imaxinación.

armatroste: armatoste.
arnao: Arnal.
arradio: Radio, forma apocopada de radio-receptor.
arranquín: Cutre; que non solta os cartos.
arrapañar: Arrepañar.
arrea: Interxección que indica sorpresa.
arrebatar: Torrarse de máis, queimarse a comida.
arredor: Zona non cultivada dunha finca, que está *arredor* do resto cultivada.
arrendar: Saca-las herbas a unha leira plantada de millo. Amonteala.
arrieirada: Trasnada. (VIXOI, BERGONDO).
arrimado, -da: Arrimados dise da parella que viven xuntos sen estar casados.
arroubón: Ladrón. Esta palabra utilízana os nenos.
arroxar: Vomitar.
arruchar: Arruinar. Frase: *fulano está arruche*: que non ten cartos.
arrufarse: Volverse atrás, arrepentirse. Frase: *arrífome do que dixen*: Arrepíntome, non o dou por válido.
artesano: Artesiano.
asperón, esperón: Pedra mol que se usa para fregar coitelos, etcétera.
astrucia, estrucia: Astucia.
atarear: Calcular.
atempada: Dise da auga de rego que está repartida entre varios usuarios, que a disfrutaban un tempo determinado.
atolondrado: Atolainado.
atorozar: Cortar en *lóros* ou pedazos. Frase: *atoroza-lo monte*: Divídilo en parcelas.
atrojollarse: Atrogallarse.
Atruto: Aturuxo.
audantía: Nos lugares da mariña chámase-lle á Axudantía Militar da Mariña.
auja de pillota: Auga que discorre por camiños, carreiros, arredores, etc. que a aproveita para regar aquel que a pilla.
aujaducho: Dise cando o río trae moita auga, como consecuencia das chuvias.
aunar, auno: Xexuar, xexún.
auntamento: Axuntamento. //Concello.
ausente: Exento.
ausolución: Absolución.
ausoluta: Dícfase da licencia absoluta que antes concedía o Exército ós que foran soldados ó cumprir corenta anos de idade.
ausoluto: Absoluto.

aviñar: Figurado: Beber moito viño.
axirío: Siso, sensatez. Esta palabra emprega o escritor betanceiro Xosé Ramón Pena na súa novela "PARA DESPOIS DO ADEUS".
axorotar: Asustarse un animal.
axuecer: Desenrolar, aumentar de volume. Frase: *non medra nin axuece*.
axufrar: Enxofrar.
azafranada, azafranar: Bofetada. // Pegarlle a un na cara.
azarrapallar: Azarapallar.
azouje: Mercado de cereais.//Lugar onde se realiza tal mercado. (BETANZOS).
azruque: Azúcar.

B

baballán: Baballas.
babecas, babeco: Idiota.
bacín: Moitas clases de recipientes.
bacoeiro: Voluminoso (GUISAMO, BERGONDO).
badal: figurado: Língua. Frase: *darlle ó badal*: Falar moito.
baila na criba: Inconsecuente, inconsistente.
bailaricos: En PRESEDO, ABEGONDO, había o xogo dos bailaricos. Xógase entre dous, cada un dispón de tres bogallos que hai que colocar por orde alternativo, elixindo entre os que estean libres, nun dos nove sitios marcados nun taboleiro ou na terra, en tres ringleiras de tres marcas cada unha. Gaña o xogo aquel que antes consiga poñer os seus tres bogallos na mesma liña. que tamén pode ser diagonal.
baile de tranca: Baile ó que vai moita xentualia.
baiixo: Desmerollado.
bajera: Saia que se usa por debaixo da prenda exterior, sexa vestido, mandilón ou mandil.
balburdeiro: Fanfarrón.
balorecido: Balorento.
banquilla: Chámanselle a tódolos xogos nos que median cartos, non só a aqueles en que hai "banca".
baqueta: Frase: *tratar á baqueta*: tratar mal.
baratillo: En Betanzos é a zona da feira na que se venden roupas, calzados e demais cousas de vestir usadas, moi abundante en roupa militar. Estes feirantes poñíanse na Alameda.

baraxa, baraxar: Baralla, barallar.

bareño ou vareño: Dise do cocho que, por máis que coma, non engorda. Por extensión dise dos demais animais e incluso das persoas.

barrenado: Tolo.

bartola, á: De calquera maneira, desprecupadamente.

bascular: Figuradamente chámasele ó feito de tomar unha cunca de viño.

be-a-ba: Frase: *de tal cousa a tal outra vai-che un bon be-a-ba*: Indica que hai unha diferenza moi grande.

belinxín ou vilinxín: Dise de quen non traballa e vive á conta de outros.

beltrecha: A parte do peixe entre a cabeza e onde acaba a tripallada.

benible: Benigno, suave, amable.

berrar: Frase: *vai berrar a arxel*: Dise para mandar calar a un.

betanzos: Frase: *cando betanzos ardeu*: En tempo inmemorial.

bica, a: Chámasele á proba de calquera cousa de comer.

bieldre: Que non vale para nada; que non ten aproveitamento.

billa: Billarda. Dise tanto do xogo como do pau pequeno aguzado nos dous extremos, co que se xoga.

biouteiro: Bieiteiro.

birisca: Brisca

birula ou virula, birulilla ou virulilla: Delgado e frouxo.

bocallán: Que fala moito sen saber ben o que di.

bocarrota: mal falado.

bofarada: Golpe de aire quente que sae pola boca do forno.// Bafarada.

bojallo: Bugallo.

bolero: Dise de aquel que cambia de opinión cada pouco.

boliche: Pedra de seixo redondeada.

bolón: Balón.

boqueira: Zona dunha finca aberta ó camiño polo que se serve.

borde: Paseo. Frase: *dar un borde*: Ir de paseo.

botar por: Ser partidario. Frase: *eu boto polo Celta*.// Ter fachenda: Frase: *ese é un bota por ela*: Dise do fanfarrón.

bote sinfónico: Bote sifónico. E unha incorrección na que caen a inmensa maioría dos traballadores da construción.

bouza: Frase: *mete-los cas na bouza*: Enliar

á xente.

bravo: Dise das bebidas amargas ou que teñen moito alcohol e tamén das comidas fortes e picantes.

bravúo: Bravú.

brazo: Frase: *de brazo*: Dise cando dúas fincas colindantes están destinadas ó mesmo cultivo e se atopan no mesmo plano. (CURTIS, SOBRADO, VILASANTAR...)

brear: Cansar fisicamente. Frase: *estar breado*: estar cansado.

brexo: Lugar pequeniño.//Fincas pequenas.

brincallo: Vimbio ou calquera outra cousa que sirva para atar feixes.

brizado: Moi cansado.

brizar: Cansar ó máximo.

brochar: Agromar.

broche, brocho: Gromo.

bronquios: Bronquite. Frase: *ten bronquios*: Ten bronquite.

burra: Frase: *ser boa burra*: Dise da persoa que aparenta unha cousa e resulta ser o contrario.

burrancán: Burro, parvo.

burro: Broma que se gastaba no Entroido. Había moitas e todas diferentes, unhas máis pesadas que outras. A máis corrente era a de recortar unha tea dándolle forma de burro, á que se lle cosía un cordón longo que, polo outro extremo se ataba a un dedo. Esa tea pintábase por un dos lados con tiza e logo guindábase contra a roupa de alguén que ía andando diante dun, quedándolle marcado o "burro" nas costas. Os demais, ríndose, dicían: ¡O BURRO! ¡E LEVALO! (Citado máis por extenso, por José Raimundo Núñez Lendoiro no seu libro: "EL ANTROPIDO EN LAS MARIÑAS DOS CONDES". i.s.b.n 84-505-1078-3).

buzo: Certa vestimenta que empregan os obreiros, feita de tea forte, dunha soa peza, que cobre todo o corpo e que tamén se chama "MONO".

C

cabeza: Con respecto ás fincas, chámase-lles cabezas ós dous aires ou lindeiros por onde son máis curtas ou máis estreitas, caso de non ser cadradas.

cabeza de augas: Dise do momento en que a marea está máis alta, tanto na lúa chea como

na lúa nova.

cabeza para baixar: Tanto no cuarto crecente como no minguante, dise no momento de pleamar, cando a marea se pon queda por un tempo, antes de comenazar a baixar. Isto pódese observar moi ben nas rías ou naqueles ríos ós que chegan os efectos da marea.

cabeza para encher: No cuarto crecente ou no minguante, dise do momento da baixa mar, no que a marea ponse queda por certo tempo, antes de empezar a encher. Isto obsérvase moi ben nos ríos ós que chega a marea.

cabezón: Bálano.

cabezudo: Cágado.

cabrón: Certa modalidade do xogo do tute.

cacajueta: Cacauete.

cacao: Figuradamente: Lío, tumulto, confusión.

cacarañado: Persoa ou animal que desenrola menos do normal.

cacarrán: Cobarde.

casaseno: Dise de aquel que ten pouco corpo, case enano. Esta palabra debe vir dun libro festivo italiano titulado: *Bertolo, Bertoldino e Casaseno*.

cachado: Boqueira dunha finca.

cachapo: Frase: *non saber cachapo*: Non saber nada. (PRESEDO, ABEGONDO).

cachivaches: Utensilios de cociña.

cacho: Frase: *é máis nejro que un cacho*: Que non pode ser máis negro.

cadeneta: Tiras de papel enlazadas, que se estiran en forma de acordeón e que se usan para enfeitar.

cadrar: Rimar, en poesía.

caída, á: Loita corpo a corpo para saber quen cae antes ó chan. Soamente se lle chama así na cidade de Betanzos. Xa nos seus arredores dise CAIADA.

cajacho: Cágado.

cajote: Abruño, ameixa.

cajoteiro: Arbore que da os cajotes.

calcamonía: Calcomanía.//Figuradamente: Persoa baixa, delgada, débil, frouxa.

caldo: Frase: *señorito de caldo á merenda*: dise de quen presume e non ten de que.

calente: Quente (VIXOI, BERGONDO).

calía: Calidade.

calros: Carlos.

callo: Valentía, audacia, valor.//Frase: *ter callo*: Usase no sentido de ter valor para calquera cousa, sexa o que sexa.

cama: Frase: *face-la cama*: Tender unha

trampa.

camallón-na: Rapaz ou rapaza novo, grande de corpo e non moi espabilado.

camarote: Na zona de Curtis chámasele o trasteiro dunha casa.

cambear: Cambiar.

cambuceiro: Home a quen gustan moito as mulleres e que lle vale calquera.

camelio: Cameleira. Arbore que da camelias.

camisa: (Ver PETROMAS ou PETROMAX).

campanas por gaitas: Dise cando alguén desprecia unha cousa, cambiándoa por outra peor.

campano: Copa moi ancha, de pé alto e que, posta ó revés ten aparencia de campá.

can: Débeda, pufo.

cáncamo: Cando as mazás non están logradas dise que teñen o cáncamo, ou sexa as pebidas brancas.

cangrola: Cangrexo moi grande.// Fig. Muller grande.

canivete: O acto sexual.

canónica: Sesta.

canota: O talo do mainzo ou millo.

canoto: Carozo.//Talo dos repolos e das coles.//Parte do talo do millo ou mainzo, entre as espigas e a poma, penuxe ou plumachoque ten arriba de todo.

cantallao, cantallau: Croio, pedra relativamente grande.

caña: Médula ou miolo que se atopa dentro de certos ósos.// *Jueso de caña*: Certos ósos do vacún abondosos en CAÑA.

cañero, cañufas: Dise de aquel que lle gusta o augardente.

cara: Frase: *cara de can*: Dise da persoa que reflexa na cara o seu enfado.// *Xogar a cara de can*: Xogar varias partidas sen revancha, ou sexa que ó acabar cada partida os que perden teñen que pagar o importe da consumición que se xogaba.// *Cara de desenhado*: Dise de quen ten cara de listo.// *Ter cara de mexa na cama*: Dise de persoa pálida con cara de pouca saúde.// *Cara de pau*: Inexpresivo.

carabullos: Frase: *ten carabullos na cabeza*: Dise daquel que se cre moita cousa sen selo.

carájas: Intercección que indica estrañeza ou dor producido por unha magoadura.

carallán: Persoa sen formalidade. Farrista.

carallo: Frase: *icata que carallo!*: ¡Iso xa o sabía eu!.

carcicoma: Carcinoma.
carestioso: Dise de aquilo que custa traballo conseguir.

cargado: Borracho.

carioca: Caroca (VIXOI, BERGONDO).

caristiano: O mesmo que carestioso.

caroucha: Parte de arriba dunha cousa, que resalta, como por exemplo no trompo, que está xusto na parte contraria ó ferrón. Fig. úsase para designar a cabeza dunha persoa.

carpintexar: Cavilar.

carreira: Frase: *ten a carreira do jalo*: Dise daquel que non ten profesión fixa e que se adica a facer de todo, andando sempre dun lado para outro. (PRESEDO, ABEGONDO).

carriza: Frase: *ibota carriza!*: Dise no bar para que poñan outra consumición.

carta: Esta palabra oílla a uns homes da parroquia de Armental, concello de Vilasantar e cando lles preguntei que quería dicir, contestaron literalmente: "é a metade de medio ferrado". Ou sexa que é a cuarta parte ou "carta" parte dun ferrado.

cartete: Diñeiro.

cartos: Frase: *bota-los cartos ó rico*: Díciase dun costume que había en certos bautizos, de que o padriño botara moedas soltas ó aire, que os nenos pillaban tras loitar entre eles.

cascarilleiro: Nome que se da en Betanzos ós coruñeses.

cascale: Masturbarse.

cascaxo: Cascallo.

castrón: Cabrón, macho cabrío sen castrar. Usase así inda que sexa un contrasentido.

catástrofe: Moitos chamábanlle así ó CATASTRO.

cazón: Duro de moleira.// Cerrado para aprender.

cebejo: Curto de vista.

cebilla: Fibela.

ceder: Frase: *cede-lo baile; cede-la parexa; cede-lo lote; cede-la besta*. Todas estas frases queren dicir-lo mesmo, a diferenza estribaba no grao de cultura ou educación de quen as pronunciaba. Isto ben do costume que houbo ata os anos corenta, nos bailes públicos, de que cando estaba bailando unha parella viña un rapaz e pedíalle ó varón que lle cedera a parella e había obrigación de facelo, pois o contrario ocasionaba moitos líos e graves loitas. Non tiñan esta obriga os matrimonios e mozos con amizade, que xa tiñan que bailar nun sitio aparte que se chamaba o RETIRADO (Véxase

esta palabra).

celebres: Os sesos da persoa.

cempés: Frase: *un cempés e un xiropto*: Dise de algo que non ten pes nin cabeza, de algo que non concorda.

centeo macho: No dicionario de Eladio Rodríguez González, xa citado, di del "centeno del cual se habla en documentos antiguos". En Betanzos cando alguén inquire datos sobre o famoso "Globo de San Roque" e non para de facer preguntas, díselles como revelando un grande segredo, que os cachos de papel con que se fai, van pegados con grudo especial, fabricado con fariña de CENTEO MACHO, de Cesuras.

cerello: Aquilo que só vale para molestar.

cerillitas: Home presumido que gusta de vestir ben.

certo, -ta: Dise de moitos froitos coma as noces e as castañas, cando despois de descascas ou pelalas, se comproba que están sans.

cexa: Cella.

cicel: Cincel.

cilindro: Apisoadora.

cimbrar: Ceibar algo a distancia, coa man ou con calquera artello.

cintirón: Cinto.

cinzarrada, cinzarrallada: Dise do feito de tocar obxectos metálicos, cando se casan persoas xa vellas.

cirola, ciroleira: Ameixa, ameixeira.

clareo: Acción de botar a roupa, unha vez lavada, a clarear.// O lugar onde se bota.

cláusula: Cápsula.

cocha: Espalda, lombo.// Frase: *saltóulle na cocha*: Saltóulle enriba do lombo.

cochilo, -a: cuchilo -a: Coitelo.

cochinadas: Frase: *face-las cochinadas*: Fornicar.

coi: Cama. Chámalle así moita xente que fixo o servizo militar na Armada, onde chamaban COI ó chinchorro en que dormen os mariñeiros.

colear: Xogando ó fútbol e outros deportes dise do feito de avanzar, dominando o balón, sorteando ós contrarios e impedindo que estes se fagan coa posesión da pelota. Driblar, canear. // Chámasele ó feito de pillar no colo ós nenos pequenos cando deberían estar no berce, quen deste xeito, collen o costume de estar nos brazos da xente e rexeitan o berce.

coleo: Dise do feito de colear, na primeira das dúas acepcións anteriores.

colgaxo: Colgallo.
colorado, -da: Dise da persoa que ten, ou que se lle pon, a cara de cor vermella.
coller: Caber.
collija: Pescozo.
colloada: O conxunto dos testículos e do pene.
comadreo: Chámaselle ó feito de estaren varias mulleres reunidas falando.
comparativa: Cooperativa.
común: Retrete.
conachada: Feito propio dun pusilánime.
conainas: Amancirado.
concejal: Concellal, concelleiro.
conchovello: (o E é pechado) Pequeno pedazo de monte.
conexo e derivados: Coello.
confesonario: Confesionario.
confundir: Cheirar mal, apestar.
conocemento, conocimiento: Coñecemento.
conta: Frase: *iso custou aquela conta:* Quere dicir que foi caro, que custou moito diñeiro.
contino: Contínuo. Frase: *de contino:* Continuamente, sen parar.
conto: Cando se contan as cousas por centos, cada cento contado sepárase unha unidade co obxecto de leva-la conta: esa unidade chámaselle CONTO.
contraria: Frase: *leva-la contraria:* Non aprobar nin estar de acordo con nada do que se propón.
conxanado, conxenado: Díselles a alguén como recriminación cariñosa.
conxote: Coxa dunha ave.
conzado: Codeseira, xestal. Usase moito na zona de Curtis.
coñazo: Dise de algo ou de alguén que é pesado, difícil de soportar.
coñón, coñero, coñista: Amigo de gastar bromas ou coñas.
copetear: Andar bebendo copas.
copeteeiro: Amigo de copetear.
copeteiro: Quen fai copetas.
corbatín: Familiar: Gorxa. Frase: *irse polo corbatín:* Adelgazar moito e ter mal aspecto.
corcio: Interxección que indica sorpresa.
cordello: Cordel.
coreano: Certo peixe semellante ó linguado, moi grande e de mala calidade.
corredera: Artefacto para xogar ó ARCO (Véxase). Está feito dun aramio groso e resistente, que ten nun extremo unha dobra en

ángulo recto á que se lle da forma de U co fin de introducir nela o ARCO para facelo correr e dirixilo. No outro extremo ten un mango para agarrala. (Supoño que é un castelanismo).

correloreho: Persoa que anda levando contos á xente.

correr: Ademais das acepcións do dicionario emprégase: 1) Para indicar un nome que non é o propio da persoa: *Chámase Ramón pero córrenlle Moncho.* 2) Para indicar unha noticia non confirmada: *Está corrido por aí...*

corrupia: Utilizado para designar un cómaro, balado, gabia, sebe ou algunha outra cousa que serve de separación entre dúas fincas.

cortador: Carniceiro.

cortaduría: Carnicería.

corte: Frase: *dar corte:* Non facer caso.

coscovello: (o E é pechado): Persoa baixa e mal feita.

costancia, constante, costar: Constancia, constante, constar.

costipar e derivados: Constipar.

costitución e derivados: Constitución.

costruir e derivados: Construir.

cote: Fin. Frase: *DAR COTE* ou *POÑER COTE* a algo, quere dicir acabar con él.

couce: Parte contraria ó fío ou gume nunha navalla, coitelo ou arma branca.

coxilitranca: Coxo. Coxilitrenco.

cozarse: Rozarse a vaca por muros, paredes ou árbores (SOUTO, PADERNE).

crabuñar: Carabuñar.

criba: Frase: *baila na criba:* Inconstante, voluble.

cribo, peneira: Frase: *pasar polo cribo, pasar pola peneira:* Axustar contas. Traer ó rego.

crella: Orella. Frase: *man á crella:* Dise de aqueles que, cando cantan, botan unha man á orellaalongando a conca, para oirse máis a si mesmo que ós demais.

crocac: Abolar.

cual, do: Precisamente. Frase: *é como cho conto, do cual estaba alí teu irmán, que cho pode dicir.*

cuadrado, -da: Dise da persoa ancha e baixa.

cuarta: Medida de capacidade que equivale á cuarta parte dun NETO, ou a un oitavo de litro, aproximadamente.

cuarterón: Medida de peso equivalente a un cuarto de libra ou un oitavo de quilo, aproximadamente. // Cuarta parte dun cento ou vin-

tecincio unidades. // Cada unha das divisións interiores da laranxa. // Cada unha das partes que, unha vez pegadas, forman un globo de papel.

cuartillo: Medida de superficie equivalente á vintecatro avas dun ferrado. // Medida de capacidade para líquidos que leva un pouco menos de medio litro ou sexa o NETO. / Medida de capacidades para gran, que equivale a onzava parte dun ferrado.

cuasemente: Casualmente.

cubulo: Frase: *isto está a cubulo*: Cheo a reverter.

cuca: Égoa. Frase: *¡quieta cuca! deixa montar ó señorito*: Non te metas en nada, deixa as cousas como están.

cucar: Dise cando non sucede algo que se esperaba con ansia. Frase: *o de ir á festa cucou*: Quere dicir que non se vai.

cuco: Frase: *heiche dar un cuco pos novos*: Díselo a alguén que se pon pesado pidindo unha cousa que non se lle quere dar.

cucharón: Cágado (Soamente o ofn en Betanzos).

cultura: Frase: *serventía de cultura*: Servidumbre que grava unha finca en beneficio de outra, soamente nas épocas de cultivo do predio dominante.

cupo: Adxudicación feita a un herdeiro na partilla.

curioso: Dise de aquel que fai moi ben o seu traballo. Cuidadoso.

curricán: Corricán. Certo aparello de pesca.

curso: Recto. Parte terminal do intestino groso. // Cu.

cuscubiñar: Indagar. espíar.

cuscubiñeiro: O que CUSCUBIÑA.

cuspir: Salivar. Superstición: Cando eu era neno se unha persoa maior pasaba a un neno por debaixo das pernas, cría algunha xente que ese neno non medraba máis. Para desfacer o meigallo tiña o neno que CUSPIR e se era tan pequeno que non sabía facelo, tiña que CUSPIR algún parente.

CH

chafarote, chapapote: Vaso para o viño de tamariteiro e vidro groso.

chafarrás: Chafarralleiro.

chaira: Navalla grande.

chalán: Tratante de gando.

chalaneo: Trato do gando. // Discusión entre vendedor e comprador en canto ó prezo da mercadería.

chalanas: Figurado: Calzado que lle queda grande ó que o leva.

chamba: Sorte.

champletas: Lambecús.

chance: Ocasión.

changüí, dar: Dise cando nun xogo un dos contendentes deixa ir gañando ó contrario porque ten a seguridade de que, o final, gañará él.

chapar: Face-lo acto sexual.

chapeta: Siso, bon senso, tino.

chapó: Certo xogo de cartas tamén coñecido por CABRON.

chappleira: Cuxo que, para o día da festa, se mataba entre varios veciños.

chapucar: Salpicar.

chapurro: Garda municipal (Só na cidade de Betanzos).

charaveco: Persoa inconsistente, que cambia de opinión cada pouco.

charpela: Cárcere, gaiola.

charramandeirol: Chamarrangueiro.

chavella: Chámaselle a cada un dos dentes incisivos que están diante, no medio e medio da mandíbula superior.

chavelludo: Que ten as CHAVELLAS grandes.

che: Pau ou ferro con punta, para xogar ós "CHES". Neste xogo cada rapaz ou rapaza dispoñía dun che. Xuntábanse ó redor dunha lameira ou dun terreo brando. Establecíase un turno ou rolda e fan tirando de xeito que o primeiro quedara cravado no chan e os outros ou ben quedaran cravados ou abatiran a outro dos que xa o estaban. Os abatidos perdían e os que os tumbaban gañaban.

checo: Polos anos 1930 chámabásele a certa prenda de abrigo feita de coiro ou "encerrado", parecido ós toldos.

cheirar: Frase: *todo lle cheira e nada lle ule*: Dise da persoa que non atopa cousa que lle agrade.

chejada: Frase: *estar chejada*: Dise da muller ou da vaca próxima a parir.

chepe: Certo peixe semellante ó pancho, que ten, a partir da cabeza unha especie de xoroba.

chica: Moeda de 5 cts, hoxe desaparecida. Frase: *non ten chica*: Está arruinado.

chico: Cada un dos xogos que forman unha partida de cartas: *imos unha partida a des chicos*.

chiculate e derivados: Chocolate.

chincheiros: Tendas ambulantes, que, cubertas cun toldo, despachan bebidas nas festas.

chinchimonis: Xogo dos *chinos*.

chinchón: Xogo de naipes.

chinela: Certo tipo de zoca moi fina.

chirivitas: Frase: *ver chirivitas*: Ver as es-trelas.

chis: Cousa que agrada, que fai gracia.

chisjarabís: Aquel que, inda que teña gra-cia, non ten formalidade nin consistencia.

chispón: Dise do viño ou bebida alcohólica forte, que enchispa axiña.

chistada: Todo aquilo que fai gracia.

chocolaíña: Xogo consistente nunha táboa colocada sobre algo que a deixe balanzar. En cada extremo da táboa monta un rapaz, bam-beándose de xeito que cando un sobe o outro baixa.

chorrada: Tontería, necidade. // Obxecto inútil. Figura no DICCIONARIO DE ARGOT ESPAÑOL e tamén na ENCICLOPE-DIA DEL IDIOMA, onde dí que en Navarra significa "sandez, tontería, dicho necio...".

choufer, chaufer: Chófer.

choupas: Persoa de moita sorte sobre todo nos xogos.

chufón: O que se alaba a sí mesmo ou ós demais.

chupa: Dise de aquel que alternando cos amigos procura non pagar ou pagar o menos posible.

churicar: Choromicar.

churra: Xogo no que se forman dous ban-dos de igual número de rapaces: os que pan-dan abaixan o corpo, consevando as pernas dereitas e apoiándose o primeiro nun que non xoga, que serve de árbitro e que se apoia de costas a unha parede. Os demais pónense do mesmo xeito que o primeiro, en ringleira. Os do outro bando saltan por riba dos que pan-dan e así están ata que un deles cae ou os que aguantan "piden papas".

chuzar: Traballar intensamente.

D

debullar: Figurado: Facer algo con moita

rapidez e ben.

dediante: Diante. Frase: *sempre vai dedian-te*.

deixa que xa: Frase irónica: Agarda senta-do.

depenicar: Na vendima dise daquel que proba as uvas de tódolos acios que corta.

dereiteiro: O contrario de zurdo.

dereitiño: Directamente. Frase: *vai derei-tiño pa casa*. Frase irónica: *ique dereitiño tor-ces!*.

derriba: Encima. Frase: *estaba debaixo e púxose por derriba del*.

derrochón: Dise do que gasta sen tino.

desamitirse: Desentenderse.

desbardallar: Esbardallar.

desborrar: Borrar, tachar. Frase: *a min desbórrame*: Di aquel que xa estaba anotado para algunha cousa.

descambeado: Moeda solta; diñeiro miudo.

descambear, descambiar: Trocar unha moeda en outras de menos valor.

descapullar: Escapullar.

descoletar: Escoletar.

descoletado: Escoletado.

deslinguir: Aclarar.

destornillar: Frase: *destornilleime de risa*: rinme moito.

devanado: Frouxo, case sen forzas.

día: Frases: *día de escola*: Día laborable; *ir dun día*: chámasele ó ir ben vestido.

discursión: Discusión.

diola: Interxección que indica dor, contra-riedade.

direito: Dereito, recto, perpendicular.

dislinguir: Separar, sinalar, destacar. Fra-se: *hai que face-la partixa pa dislinguir as fincas de cada quen*.

disgracia e tódolos seus derivados: Desgra-cia.

disolución: Certa cola que se usaba para pega-los parches nos neumáticos interiores das rodas.

dispacio: A modíño. Sempre se emprega coa preposición "a" diante: *vai a dispacioño; ven a dispacio*.

dispreciar, disprecio: Despreciar, despre-cio.

disterción: Reparto, distribución.

dorada: Certo peixe semellante ó ollomol.

doutor: Emprégase como sinónimo de médico estea doutorado ou non. A grande maioría da xente non concibe que haxa douto-

res en outras carreiras.

duelo: Frase: *dar sin duelo*: Mallar nun sen contemplacións.

dormir: Frase: *dormir co raposo*: Dise cando un ten a voz rouca.

E

eleuto: Apropriado, idóneo.

ema: Xema do ovo.

embarjar: Ceibar unha cousa a un lugar onde é moi difícil de coller. Dise moito xogando ó fútbol: *Antón embarjou a pelota; o que embarje o balón ten que ir por el*.

embazar: Atascar, embarrancar. // Paralizarse un asunto. // Non poder comer máis. // Condensación producida nos cristais das casas por efecto do frío.

embeber: Dise do feito de encoller unha tea ou unha peza de roupa ó mollala.

emparexar e derivados: Emparellar.

empavonar: Frase: *empavonar un ollo*: Poñelo morado dun golpe.

empiparse: Emborracharse.

encabestrarse: Enguedellarse un animal na corda coa que está atado.

encativado: Desmedrado.

encepar: Atascar. Embazar. Deixar de funcionar unha cousa.

encoilar: Dise de algo que se pon duro co tempo. // Persoa vella que pasa moito tempo sen cambiar, que non envelleta.

encubular e derivados: Acugular.

endello: Endeño.

enemorar: Namorar.

enfoufar: Enfouzar.

enjanchado: Dise de quen contraeu unha enfermidade das que se transmiten por contacto sexual.

enlastrar: Lastrar.

ensamen, ensaminar: Examen, examinar.

enseca: Dise do golpe dado por un peón ou trompo a outro, cando se está xogando. // Figuradamente, frase: *díxolle unha boa enseca*: Cando nunha discusión un lle di ó outro algo que o deixa quedar calado.

entenderse: Referíndose a un home e a unha muller, enténdese que teñen relacións íntimas.

entredito: Interdicto.

entremedio: Intermedio.

entreverado: Dise do touciño con graxa e magro polo medio ou do xamón con graxa. // Dise dunha cousa ou incluso dunha persoa

que non é completamente boa nin mala.

envexijar, envixijar: Facer vexigas na pel.

enxanjar: Entreter, demorar, retardar.

enxeo, anxeo: Tea de tecido raro da que se fan algunha clase de sacos. Arpilleira.

enzurrar: Encirrar.

ermandá: Irmandade.

esbacoado: Deitado ou sentado de xeito cómodo e sen compostura.

esbandallar: Destrozar.

esbaradoiro: Sitio por onde se esbara.

esbojallado, esbojallar: Desorbitado, desorbitar.

esbúrdeja: Dise da pel ou cutis dunha persoa, cando é grosa e aparenta ter escamas como a dos lagartos.

escachapedras: Neno forte, robusto e traveso.

escada: En Betanzos escada é sempre a de man, tódalas outras son ESCALEIRAS.

escadriado, escadriar: Escadrillado, escadrillar.

escalofrío: Escalafrío.

escape: Frase: *nun escape*: En seguida.

escarapote: Certo peixe de cor vermella.

escarouchar: Quitar a caroucha ou parte alta dalgunha cousa.

escoñado: Fastidiado.

escoñar: Romper, estropear.

escrito: Especie de escapulario que vendían as monxas Agustinas de Betanzos. Metido nas teas de que estaba feito levaba algo escrito e aquelas palabras cabalísticas impedían que aquel que o levaba morrera na guerra, pois o ESCRITO desviaba as balas. // Semellante, parecido. Frase: *o neno é escrito a seu pai*: Que se parece moito.

escurrideiro: escorredeiro.

eslavado: Dise do caldo solto e sen sustancia.

escusas: Frase: *bota-las escusas*: Deixarse de falar dúas persoas.

esfondar: Vir abaixo algo destinado a sostener xente, animais e ouxetos de calquera clase, coma un piso, unha tarima, unha barreira, o fondo dunha embarcación, o chedeiro dun carro, etc.

esjurripar: Esgotar o líquido dun recipiente.

eslambuxado: Fraco, pálido.

esmanjoletado: Decaído, sen ánimos.

esmilrado: Encollido. // Consumido (VI-XOI, BERGONDO).

espaldra: Espalda (Non está moi estendida).

espaller: Parra. Barra alta.

espara: Rego que se fai, de marco a marco, no límite de dúas fínas.

espicha: Trozo de madeira de forma cónica, que serve para tapar o burato que se lles fai ós barriles co fin de que lles entre aire. // Tamén se lle chama ó devandito burato.

espijar: Chámaselle ó feito de bota-la espiga os froitos que a teñen. Nos outros froitos dise que **ESPIJAN** cando botan a semilla ou comezan a estropearse.

espijo: Pequeno trozo de pel que se desprende do dedo na zona máis próxima á unlla. // Trozo de madeira parecido a unha cuña, que serve para aguantar dous trozos de táboa.

espurrular: Véxase **APURRULAR**.

esquexe: Esgallo, renovo.

estandartada, estandarte: Algo que non vale para nada, que estorba.

estartalado, estartalar: Estartelado, estartelar.

esteiro: Fango que se forma nas rías. // Frases: *enterrouse no esteiro; caeu no esteiro; ven cos zapatos negros de esteiro ...*

estendas: Xogar ás estendas: Polos anos trinta xogábase moito, sobre todo as nenas. O xogo consistía en emprazar unha tenda, na que unha rapaza vendía produtos -máis ben comestibles- e os demais compraban. O pemento facíase esmagando un cacho de tella e outras cousas estaban representadas por follas, herbas, etc.

estopar: Calafatear as embarcacións.

estralar, estralo: Estalar, estalo.

estrambólico: Estrambótico.

estreita lexítima: O menos que, por lei, pode herdar un fillo. Estricta lexítima.

estrena: Feito de estrear unha cousa. Frase: *estás de estrena*.

estromballado, estromballar: Estomballado, estomballar.

estroncar: Extrañar. Frase: *iso que dis estroncara*.

eucalítro, eucolito: Eucalipto.

F

facareno, -na: Persoa, animal ou cousa mal feita ou que lle falta algo para estar completa.

facer: Frase: *face-la contribución*: Paga-la contribución.

fafá: Persoa que non sabe o que di.

falar: Frase: *falar á man*: Distracer. // *Xa falaba o castellano sejido*: Dise daquel que está algo bébedo (Se se observa hai algúns que falan galego a cotío e cando se atopan nese estado ou cando discuten acalorados, faían castelán). // *Ese é un fala de balde*: Que non sabe o que di. // *Falar ben non costa un carallo*.

falchoca: Balsa para gardar cartos, máis grande que a faltriqueira.

faldrepas: Mullereiro.

familia: Conxunto de xente reunida con algún motivo: Festa, espectáculo, enterro, mitín, etc.

fandango: Frase: *toca-lo fandango*: Moles-tar, incordiar. // Figurado: Orgao xenital feminino.

fanecas, fanequeiro: Afeminado.

farramenta: Ferramenta.

farrero: Simpático, chistoso. // Farrista.

farrusca: Navalla.

fenicado: Dise do cheiro do peixe que se atopa en mal estado.

fero: De sabor amargo. Frase: *estes grelos son feros*: Que son moi amargos.

ferraña: Figurado: Cartos, capital.

ferraxe: Figurado: riqueza, cartos.

ferrenchea: Ferranchar.

ferrenjancho: Cousa de ferro inservible.

ferros vellos: Certa zona da feira de Betanzos na que se venden cousas usadas de moi diferentes clases: ferramentas, motores, pezas soltas, ferrenganchos, libros, revistas, cadros, etc. A primeira guitarra que eu tiven mercáramela meu pai nos **FERROS VELLO**s, por sete pts.

ferrusca: navalla pequena.

festidiar: Fastidiar.

fiar: Remar en sentido contrario e non nas demais acepcións de **CEAR**. Hai un cantar que sempre se lle acorda á xente de Betanzos, indo de festa polo río, por exemplo ós Caneiros, que cantan os demais dirixíndose ós que reman: *¡Ai fla, miña nena fla! / ¡Ai fla de noite e de día! / ¡Ai fla e non fies tanto / Non fies dos homes / que son moi lagartos!* = O verbo **FIAR** úsase no dobre sentido que ten para os betanceiros de **FIAR** ou **CEAR** (remar ó contrario).

fidajo: Fígado.

fieito: Frase: *bótalle un fieito*: Esquécete diso. Non penses máis nesa cousa.

filomena: Borracheira.

filusmía: Persoa baixa, delgada, a mínima expresión.

finocho: Educado, elegante.
finurias: (Véxase SANTOS).
fiolleira: Filloeira.

firma: Úsase moito no canto de rúbrica. Se se lle di a moitos que firmen preguntan: ¿Poño o nome? e despois de poñelo: ¿E agora firmo? E daquela bota a rúbrica. // Chámaselle tamén ó recorrido que fai un peón ou trompo cando acaba de bailar e se deita no chan, desde o momento que toca con éste ata que para. Frase: *este peón ten moita firma*: Tal cousa era un mérito grande.

fita: Terreo longo e estreito.

flaire: Fraile.

flete: Figurado: Muller lixeira.

fodón: Bacallao pequeno que se come fresco.

folicar: Entre os nenos xogando, por exemplo, ás bolas ou canicas, deixar ó contrario sen ningunha.

formijo: Dise que ten o formigo daquel que é inqueda, que non ten acougo.

forranchín: Aforrón.

fosco: Esponxado. Referíndose ó cabelo dise do que é doado de peitear e queda con gracia.

frailón: Hipócrita que frequenta a igrexa soamente para pasar por boa persoa.

frajuado: Feito. Frase: *ben ou mal frajuado*: Ben ou mal feito.

frebeiro: Febreiro.

fujoso: Fogoso. Frase: *as jatas fujosas paren os fillos cejos*: O que fai as cousas de presa, con moito ardor, fainas mal.

funjo: Forza, ánimo.

funil: Armazón de sal.

fura: Frase: *estar na fura de diante*: Estar a punto, en forma, para acometer calquera cousa.

furoco: Burato.

furrular: Funcionar

G

gobierno: Frase: *mira contra o jobierno*: Dise do que ten estrabismo.

goma: Frase: *ter un pé ou perna de joma*: Telos dormentes.

grilo: Cando un era rapaz tiñamos como divertimento, entre outras cousas, o de *ir ós jrilos*. Iamos polos arredores e cando oíamos cantar algún pillabamos cadansúa palliña e

guiándonos polo oído, achuzabamos en tódolos buracos que atopabamos ata que saía o grilo. Logo metíase na grileira que podía ser unha caixa de cartón con abuxeiros, para que o grilo respirara. Outras grileiras facíanse cun trozo de rabo dunha escoba -dos de canabeira- comprendido entre dous nós. Un deles sacábase e logo, cunha navalla, cortábase ó longo da cana, facendo estrías, pero sen chegar ata o nó que quedaba. Metíase o grilo dentro e no extremo oco poñíase un cristal redondo cun diámetro algo máis grande que o da cana, para deixar abertas as estrías sen que coubera o grilo por elas para que non fuxira. Atábaselle un cordón ós dous extremos e colgábase nunha fiestra onde dera o sol, pois así cantaba máis e mellor. De comer dábaselle leituga. // Había tres clases de grilos: PRINCIPE, que tiña nun dos élitros marcado un "P": os PORTEIROS, ós que lles faltaba unha das patas traseiras, e as JRI-LAS ou femias, que non cantaban. Os PRINCIPES cantaban mellor que os PORTEIROS.

guá: (Castelanismo no que xamais se utilizou a gheada). Xogo de bolas ou canicas no que interviñan varios rapaces e que tiña que practicarse onde o solo era de terra. Facíase unha fochanca na terra, espetando o tacón dun zapato, ou mellor dun zoco, facendoo xirar. Esta fochanca chamábase GUA. Cada xogador tiraba a súa bola cara a unha raia marcada na terra para determinar, pola proximidade á raia, quen era o primeiro en xogar. Este tiña que darlle a unha das outras bolas tantas veces como palabras ten a seguinte ladafña, que ía recitando: PRIMEIRA; TRUQUE; MATRUQUE; PIE; PASABOLA; e GUÁ. Cando se dicía PIE tiña que quedar entre as dúas bolas un espacio no que coubera o pe do xogador. Acababa o xogo coa palabra GUÁ, que se pronunciaba en canto a bola do xogador activo caía dentro da fochanca así chamada.

H

habanera: Certa clase de cangrexos, parecidos á nécora, que conviven co patexo, pero que son máis grandes e teñen a parte inferior de cor marela.

hastra: Ata.

herba de rato: Certa planta que ten as follas cunha especie de peluxe, polo reverso, que se pega á roupa.

hiena: Muller moi mala.

hora: Despois de acabar a guerra civil española, houbo unha disposición de adiantar unha hora o reloxo, durante o verán. Nas aldeas non fixeron caso disto e mesmo en Betanzos os labradores tampouco, rexéndose polo sol. Cando a alguén lle preguntaban que hora era o outro respondaba: "¿pola vella ou pola nova?". Pasado algún tempo adiantaron unha hora máis, tal como estamos hoxe. Así había: *a vella, a nova e a tola*.

I

indición: Inxección.

individuo: Para moita xente o que lle chamen tal cousa é un grave insulto.

indíxena: Moita xente considera tal palabra coma un insulto, porque pensa que quere dicir "indio americano". Isto ven de que nas películas do oeste (western) cando se aludía ós indíxenas, sempre era, naturalmente, ós indios.

infestar: Infectar.

inguinias, injinias: Anxinas (na primeira palabra non se da a gheada).

inorar, iñorar e tódolos derivados: Ignorar.

intepretar: Interpretar. (Só se di entre xente de baixo nivel cultural).

intrés: Interés.

inxirir: Inxerir.

ir: Frases: 1) *vai dun día:* Dise dalgún que vai mellor vestido que acostuma. 2) *vai de auntamento:* O mesmo que a anterior.

ircia: Persoa aguda, lista.

irexe: Herexe.

ispeutor: Inspector.

J

jabata: Boa moza.

jabato: Valente.

jabexante: enredante.

jaceta: Frases: 1) *é coma a jaceta:* Dise daquel que vai con contos e novas a toda a xente. 2) *é máis pillo ca jaceta:* Listo, vivo, simpático.

jaiteiro: En sentido peiorativo: mal músico.

jaivota: Refrán: *jaivotas a terra, mariñeiros á merda:* Dise porque a gaivota vai á terra cando o mar está bravo.

jalafate: Mala persoa, aproveitado.

jalapa: Esgarro.

jallope, a: A toda presa. Con moita presa.

A galope.

jalluda: Muller brava, que non se deixa domar.

janduxar: Lavar mal a roupa, deixala lixosa (BERGONDO).

japoneseiro: Arbore que da o "fatón japonés".

jarabitos: Dise dos dedos longos e delgados.

jarapeta: Borracheira.

jarapeto: Borracho.

jarbo: Soberbia, orgullo.

jarcia: Grupo de mozos que se xuntan para facer trasnadas.

jarelo: nome que se da ós betanceiros.

jarijolo: Pequena construción nunha casa que sobresaí do tellado, coma unha atalaia, que se destina a trasteiro, a unha pequena habitación ou a mirador. En castelán GARIGOLA quere dicir xaula (7) (8) (10).

jarreante, -ta: Guerreante, -ta.

jarsé; jarsei: Xersei.

jato: Frase: *¿que pasa?* Contestación: *o jato pola casa*, eufemismo por: A ti que che importa.

javilo: Instrumento semellante ó fouciño, pero máis grande e consistente.

jiadeiro: Volante de calquera vehículo.

jiandeiro: O que guía ou conduce un vehículo.

jicheiro: Bichelo.

jinasia: Semente dos repolos.

jiña: Suxidade. (12).

jo: Xo.

joberniño: Dise da muller que goberna e manda na súa casa e tamén daquela outra que, onde chega, empeza a dispoñer.

jolosía: Gula, glotonería.

jrabuñar: Carabuñar.

jrañón: Frase: **pan de jrañón:** Pan feito con fariña case sen peneirar.

jrao (A pronuncia do "o" é moi escura e pecha): Gran. Semente ou froito dos cereais. Refrán: **POUCO JRAO VAI NA PALLA:** Indica que pouco máis da dunha maneira que de outra.

jrea: Loita, combate, discusión.

jrelear: Dise das patacas cando botan gremos. // Tamén se di dos nenos cando empezan a querer andar, correr, remexer nas cousas ...

jrelo: Xermolo das patacas, cebolas e outros produtos agrícolas.

jripo: Glosopeda.

jrudo: Polilla da madeira.
juapecha, juapeteira: Bastante guapa.
jueco: Oco, espacio.
jueso: Oso.
juevo: Ovo.
julpilleira: Nas zonas de Curtis e Aranga: Golpilleira.
jusifai: Mistura de viño de Málaga ou de Xerez con auga carbónica.
jusma: O que anda JUSMANDO.
jusmar: Gusmiñar.

L

labanco: Zoco moi grande.
laboría: Revolta, no senso de monte no que se planta algún cereal.
labrar: Dise cando adelgaza unha persoa grosa e queda co corpo máis lucido.
labrego: Dise de todo aquel que é traballador de seu, inda que non teña a profesión de labrador.
lacas: Buratos que teñen os pinos, por onde lles sae a resina.
ladilla: Figurado: Dise daquel que molesta preto dun e non se lle da botado.
ladriqueiro: Latriqueiro.
ladrizo: Figurado: Lazo de adorno que se leva na gola da camisa e que ten semellanza coas alas dun paxaro.
lajáchema, lajáchima: Lamáchega, lesma.
lajartiñas: Chámaselle ás mareas máis vivas do ano que coinciden aproximadamente cos equinocios, ou sexa, unha na Semana Santa e a outra na lúa de agosto. (SAN PANTALEON DAS VIÑAS, PADERNE).
lajrimeiro: Salgueiro chorón.
lajueiro: Legoeiro.
lampabroas: Atontado.
lamparilla: Esgufo.
lampín: Cara lavada.
lampón: Gavilo.
lampreada: Bofetada.
lancha: Frase: *bota-la lancha*: Dise cando nunha partida de cartas ou dominó algún dos que xoga procura ver as cartas ou fichas dun contrario.
lanfarón: Larpeiro.
lanjarillas: Alto e delgado.
lasprada: Bofetada.
latarejo: Larchán. // En Betanzos, chámaselles ós solteiróns.
latoneiro: Fontaneiro.

laverca: Muller moi aguda, lista, que non hai quen a engane.
lazareno: Nazareno. Frase: *ven feito un lazareno*: Que ven desastrado.
lejal: Formal, serio.
lembrillo, nenbrillo: Membrillo.
lenjuateiro, -ra: Linguateiro, -ra.
lepa: Lepia, lagaña.
lerpe: Frase: *dar ó lerpe*: Falar moito.
leste: Fame.
licopodio: Frase: *tomar un licopodio*: Tomar unha consumición nun establecemento de bebidas.
limar: Insistir nunha cousa ata que se consegue. // Facerlle crer a outro, de si mesmo, o que non é. // Chámaselle *lima* ó que ten costume de LIMAR.
língua: Frase: *lenjua de trapo*: Dise de quen fala moito.
linterneiro: Latoeiro. O que pon e amaña os canles de cinc para o tellado. // Fontaneiro.
lirpia: Muller que todo lle importa e en todo se mete.
livianos: Pulmóns; bofe.
lixeiro: Frase: *andar lixeiro*: Ter diarrea.
lofa: Gamberro que roza a delincuencia.
lombo: Frase: *tes bon lombo*: Tes boa sorna.
lonxa: Baixo comercial. Dise na zona de Curtis onde hai moita xente que estivo ou está emigrada no País Vasco, de onde debe proceder a palabra LONJA. // Certa parte da carne de vaca.
lorchas: Zapatillas que non teñen atrás a parte que engancha no talón do pe. Tamén se di cando, inda que a teñan se levan postas pisando esa parte co talón.
lorcheiro: Persoa mal vestida e descoidada no aseo.
lovar: Levar.
lucha: Finca pequena.
lucho: finca aínda máis pequena que a LUCHA.
lumeirada: Lamarada.
lupo, lupio: Lúpulo.
lus: Luns.
lIija: Liga, no sentido de cinta elástica que aguanta da media.
lIijar: Chegar a facer unha masa con distintos materiais.

M

machada: Cousa mal dita, mal feita, inoportuna.

machado: Rechave.

machetín, -na: Matachín, -na. Aplícase tanto ó que mata cochos coma a quen vende a carne deles.

machito: Frase: *estar no machito*: Mandar, dispoñer, ser preferente.

machorra: Amachotada.

madameco: Palabra que se usa para designar aquelas cousas das que non se sabe o nome.

madre vella: Canle polo que discorren augas para rego, dende tempo inmemorial.

madriña: Diminutivo de *madre*. Frase: *iai miña madriña!*: Lamentación na que se invoca á nai.

maestro: Úsase moito non só para designar ó mestre de escola, senón para designar a tódolos que dominan un oficio: carpinteiro, zapateiro, barbeiro, etc. Onde hai varios da mesma profesión MAESTRO só é un: o principal. // Os que se adican a facer embarcacións, do tamaño que sexan, son *maestros carpinteiros de ribeira*.

majrear: Manosear.

majreo: Manoseo.

mainza: Trebello para pillar longueiróns. Componse dunha varíña de ferro, que pode ser dun paraugas, e un pouco de chumbo na punta, de forma cóncava, para o cal vale unha bala.

mal: Refrán: *ten o mal de cereixa, quere trabaxar e non o deixa*: Penso que non precisa comentario.

malalenjua: Difamador.

mal cansado: Tuberculose.

malino: Maligno. // O demo.

mallada: Grupo de sucos que fai o tractor de cada volta que da na finca.

mameluco: Prenda de vestir enteiriza, especial para nenos que comprende o pantalón e a blusa. Esta palabra procede das Antillas, Arxentina, Chile, Perú e Uruguay, onde se usa moito co mesmo significado.

mamoria: Memoria: Dise en algunhas aldeas de cerca de Betanzos.

mamúa: Borracheira moi grande.

man: Conxunto de catro unidades. Había moitas cousas que se contaban por "mas" (en Betanzos non se di mans) inda que se vende-

ran por ducias, cuarteróns ou centos coma o peixe, as pinas e outras mercadorías. Unha ducia eran 3 mas: un cuarterón, 6 mas e máis unha, para facer vintecinco: un cento 25 mas, etc. // Frases: 1) *man por man*: Trocar, cambiar ou permutar algo sen que medie tempo nin compensación; 2) *ter boa man*: Transmitir sorte ós demais.

manante: Que non é consecuente, inestable, trapalleiro (VIXOI, BERGONDO).

mandamáis: Xefe.

mandilón: Dise do home sen personalidade, que o manexa calquera.

manflorita: Hermafrodita. // Marica.

manjado: Dise do que vai nun vehículo a moita velocidade.

manjar: Gañar nun xogo. // Fornicar.

manillar: A peza da bicicleta coa cal se conduce. // Por extensión o volante de calquera vehículo.

maquinillo: pequena máquina para erguer pesos.

marajota: Frase: *tres por tres, marajota e media*: Dise cando un non entende ou non quere entender a outro.

marculiaus: Planta parecida ó fento que, se non había loureiro, era o que se utilizaba para face-lo barredoiro do forno. (VIXOI, BERGONDO).

marecas: Afeminado.

mariana: Fastidio, incordio. Frases: 1) *¡Non me veñas con marianas!*; 2) *idéixate de marianas!*

mariquita: Arenque pequeno, salgado.

marmular: Murmurar.

maromo: Dise de aquel home ó que unha muller se agarra por non ter outro mellor.

marqués: Cego dun ollo.

marroo, marroa: Dise do ou da que non pode ter fillos. // Estéril.

martillo: Rechave.

marulo: Tosco e forte.

materia: Pus e demais substancias que se poden atopar nunha inflamación, gran, tumor, etc.

matricular: Frase que se di como insulto: *mecajo na nai que te matriculou*.

maula: Dise daquela cousa que é de peor calidade do que se pretende. Frase: *metéronlle unha boa maula*: Gato por lebre.

mazarocada: Acción propia dun MAZAROCO.

mazarocas, mazaroco: Ignorante.

mazo, a: Con moita abundancia.
mea: Borracheira.
mechas: Mechóns de cabelos tinxidos de distinta cor que o resto.
medianil: Paredes comúns a dúas edificacións ou dúas fincas.
medras: Certos ganglios que lles aparecen ós rapaces nas épocas en que medran.
melanconía: Melancolía.
melarse: Perde-lo fío ou gume calquera instrumento que o teña.
melón: Cabaza. // **Melón de cuchilo:** Melón.
 // **Melón de sandía:** Sandía.
merdeiro: Dise do neno que quere presumir de home.
merenda: Borracheira. // **Merendas:** Dise daquel que acostuma a estar bébedo.
merluzo: Parvo, tonto.
meringitis: Meninxite.
mesclado: Mistura de viño, de Xerez ou de Málaga con caña. Era o almorzo de moitos.
metá: Mitade. Frase: *a metá máis:* O dobre.
metal: Latón.
mexa na cama: Mapoula. Dise que se esa flor se pon nunha cama e se murcha, débese a que quen durmío nela mexou na cama.
mexar: Frases: 1) *mexa auja bendita:* Para indicar que é moi devoto. 2) *mexa morno:* Emprégase con moitas acepcións: que é moi educado, tímido, cobarde, que quere quedar ben, etc.
mexeira, mexo: Frases: 1) *corta-la mexeira,* 2) *corta-lo mexo:* Asustar a un, reprendelo de tal xeito que quede "cortado".
michonjito: Fritura parecida ás ORELLAS pero con menos ingredientes.
milia: Milicia, servizo militar.
milrado: Axado, enrugado.
millor, milloría: Mellor, melloría.
millora, millorar: Mellora, mellorar.
mincha: Figurado: Vulva da muller.
mineral: Adubo artificial para fertilizar as terras.
mintira, mintir, mintireiro: Mentira, mentir, mentireiro.
misa: Frase: *é dos da misa de unha:* Dise de quen non é madrugueiro.
miseria: Chámaselle ó conxunto de piollos, pulgas e demais parásitos.
mistura: Mestura.
misturar: Mesturar.
mitante: Parecido, semellante.
mitar: Semellar, parecerse.

mitra: Figurado: Emprégase para indicar moita cantidade. Frases: 1) *perde-la mitra,* 2) *gaña-la mitra,* 3) *gasta-la mitra.*
miudo: Moeda solta.
mixilón: Mexillón.
misión: Proindiviso: Úsase nas partillas: *Adxudícase a tal herdeiro unha quinta parte en misión cos seus irmáns, da finca seguinte.*
mixto: Que pertence a máis dun.
moca, de: De balde; a conta doutros.
moco: (a primeira O é aberta). Caxato cunha moca na punta.
mocoso: Neno pequeno.
moimiño: Brando. Frase: *óso moimiño:* Cartilaxinoso.
molida: Molido especial para leva-los goxos: é coma un paralelepípedo feito de palla, cunha correa de coiro que amarra a palla cerca dos extremos ou lados máis curtos do molido e que é suficientemente longa para, no seu centro, pasala pola fronte, co fin de aguantala, caendo o molido á altura das costas, onde se apoia o fondo do goxo. O home que o carreta, erguendo os brazos ata pilla-la asa, fai gardar o equilibrio do paxe.
mollo: (o primeiro O é pechado) Remollo.
mómaro: Frase: *leva-los mómaros:* Levarlle a corrente ós demais. // Non discutir nin leva-la contraria a ninguén, inda que non teña a razón.
monanjillo: Rapaz que axuda á misa e a outros labores da igrexa.
moniciós, municións: Admoestacións no senso de apregoar na igrexa un futuro matrimonio.
moría, moxía: Morea no senso de mellora que se daba como compensación no reparto de fincas, cando unha parte era de peor calidade. (TEIXEIRO-Curtis).
mortaxa: Mortalla.
morto: Pedra moi pesada co fin de que non a mova a corrente do río, á que se atan dúas cordas: unha curta cunha boia e outra máis longa para amarrar a embarcación. // Tamén se usa esta palabra nalgúns xogos de cartas.
moscar: Amoscar.
mostruario: Mostrario.
movición: O feito de moverse.
movimento: Movemento.
muda: Xogo de camiseta e calzón.
mudo: Moido.
mulo, la: Dise daquel ou daquela que, polo seu hermetismo nunca se lle coñecen as inten-

cións.

mundo: Baúl moi grande, daqueles que levaban -ou máis ben traían- os emigrantes da América.

munxidora: Muxidoira.

murcieira: Chámaselle á finca na que abunda o MURCIO (Véxase).

murcio: Certo mineral, semellante ó talco, abundante en Teixeira, Curtis, e que unha fábrica que alí existiu, empregaba na elaboración de insecticidas.

murga: Conxunto musical de poucos números, que tocan instrumentos de vento e percusión, para amenizar bailes e festas populares. // Tamén se di dunha orquestra cando é mala. // Frase: *da-la murga*: Fastidiar a un.

musjo: Folla do pino, pinica, arume (VIXOI, BERGONDO).

N

nabo: Figurado: Pene. Frases: 1) *Róncañe o nabo*; 2) *tócañe o nabo*: Ámbalas dúas indican sorpresa causada por algunha cousa que non se cría certa.

naraxa, naranxeira: Laranxa, laranxeira.

nécora: Figurado: Dise de quen non ten habilidade, disposición, ...

netos: Chámaselles ós regos ou sulcos que, dada a configuración irregular dunha finca, non van acabar ó lindeiro contrario daquel en que comenzaron.

nicheiro: o que fai NICHOS. (Véxase).

nicho: Caixa do morto, ataúde, cadaleito.

ninjién: Ninguén.

noia: Frase: *ir a noia*: Dise dos que non se anotaron ningún tanto nunha partida (de cartas ou dominó) ou nun partido (de calquera deporte).

nónima, a: Nómina na acepción de lista de nomes de persoas que cobran un soldo da mesma empresa.

nos: Frase: *de venja a nos*: Dise daquilo que non custou nada ou que se conseguiu sen esforzo.

noxo: *ten cara de noxo*: Dise daquela persoa que da impresión de que todo lle desagrada.

número: Número.

Ñ

ñecre: Neno pequeno.

O

obrata: Imposto que tiñan que pagar todos os matrimonios dunha parroquia ó crego, pola época do Preceuto, consistente en satisfacer cada home dous PATACÓS e cada muller dúas ducias de ovos. Polo outono, despois da recollida do mainzo, cada "CASA" tiña que dar ó crego unha cantidade de espigas, á vontade de cada quen, con destinación ás ANIMAS. (VIXOI, BERGONDO).

ocurrencia: Gracia, chistada, saída simpática.

ocurrente: O que ten ocurrencias. Simpático.

oficio: Refrán: *maestro de cen oficios, operario de merda*: Cen oficios, mil calamidades.

ofrecerse: Facer unha promesa ou voto.

ollicos: Dise do que ten os ollos pequenos.

once, as: Refrixerio que se toma á media mañá.

onza: Na cidade de Betanzos unha onza equival a un dezaseis avo de libra. Por iso as libras de chocolate "elaboradas a brazo", estaban divididas en dezaseis onzas.

oriñol: Orinal. Frase: *mexa fóra do oriñol*: Fai as cousas mal. Mete a pata.

ornear: Figurado: Cantar mal.

ostia: Golpe dado co puño. (Procedente do euskera) (13).

ostiá: Exclamación de sorpresa.

ostiazo: Choque ou accidente grave producido por un vehículo.

ostión: Ostia moi forte.

ostra: Figurado: esgarro.

osurdo: Absurdo.

ouxeto, ouxetar: Obxeto, obxetar.

ovello: Home pacífico.

P

pa, pra: Para e Para a; **pas, pras:** Para as; **po, pro:** Para o; **pos, pros:** para os.

pachuzo: Manoxo de palla ou papel enroscado ó que se lle planta lume para alumear.

padiola: Expresión que se di cando se recibe un golpe forte, tanto físico como moral. Intercección de disgusto ou de dor.

padricar: Predicar. Frase ou refrán: *padrica meu frade: por un oído me entra e por outro me sale*.

paduano: Paduán.

país: Viño ou augardente do país.

palabra: Entre os nenos: Taco, blasfemia, insulto. Frase: *este neno di palabras*.

palandrán, palandras, palandrón: Dise do rapaz que ten moito corpo con respecto á idade.

palau, palao: Palán. Pau da estornela co que se bate na billa.

palear: Tremecer. Frase: *palear co frío*.

palenque, ó: Dise de algo que está ou que se realiza ó aire libre. Frase: *durmiron ó palenque*.

palmado: Estar sen cartos.

palmar: Perder nun xogo.

palmonía: Pulmonía.

palomillas: pezas de vidro ou louza que se usan como aísantes ó mesmo tempo que sosteñen os cables da corrente eléctrica.

palque: Palco.

palletas: Alto e delgado.

palleirán: Home grande, bruto e non moi listo.

palleiro: Frase: *cada can no seu palleiro*: Quere dicir que todos somos moi valentes cando estamos ben acochados.

pampear: Estar ido, aparvado.

panadera: paliza, tunda.

panar: Rebozar.

pan de meiga: Cogumelo.

panceta: Touciño entreverado.

pancho: Frases: 1) *ir ós panchos*: Dise daquel que leva os pantalóns coas perneiras demasiado curtas. 2) *tan pancho*: Dise do que non se altera, pase o que pase.

panchón: Persoa grosa, apaciguada, tranquila.

panolio: Pailán.

pantera: Trosma (VIXOI, BERGONDO).

papacheas: Comellón.

papalina: Borracheira.

papalinas: O que acostuma a emborracharse.

papallán: Home grande e algo parvo.

papanduxo: Mazá asada. // Todo aquilo que é brando, mol.

papas: Frase: *pedir papas*: Darse por vencido. Outra: *saíronlle as papas moles*: Saíronlle mal as cousas.

papo: Frase: *cántañe no papo*: Dise cando alguén está seguro que vai conseguir o que quere.

papudo: Comparativo que quere dicir moi-to máis. Exemplo: Se un di: "Fulano terá trinta

anos", contéstalle o outro: "Si, papudos". O que quere dicir que ten moitos máis.

papuxa: Figurado: Órgao xenital feminino.

para e peta: ¡Cala dunha vez!

paraxe: Acougo. Frase: *Non ten paraxe*: Non ten acougo.

parceiro: Rendeiro. Persoa que ten a obriga de pagar unha renda ou o importe dunha aparcería.

parcela, a: Concentración Parcelaria.

pared: Frase: *entre paredes*: Dise da superficie útil dunha edificación, midindo o que hai OCO entre as paredes.

parexa: parella. // A rede que leva a "PAR-REXA" de barcos.

parida: Parvada.

parque: Xardín. // Palco da música.

parrata: Órgao xenital da muller.

parratas: Home que gusta de conversar coas mulleres dos temas propios delas. // Crítico, etc.

parrocheiro, parrochetas: Afeminado.

parrulo: Frase: *ti cómela de parrulo*: A ti fanche crer calquera cousa.

parte: Noticieiro. Diario falado na radio. Comenzou a chamárselle así na época da guerra civil de 1936, porque as únicas noticias importantes que había eran as que daba o "PARTE OFICIAL DE GUERRA". Por extensión -entre a xente daquela época- ségueselle a chamar PARTE ó telexornal.

partidor: Chamábaselle ó home que tiña como profesión partir leña cun machado nun cepo polas rúas, cando as cociñas funcionaban con leña maiormente.

pasada: Dise do feito de gañar nun xogo ó contrario, por moita diferenza. Frase: *pasar pola pedra*: Gañar unha partida.

pasar feo: No xogo da brisca dise do feito de non botar tantos.

pastel: Familiar: Morea de basura.

pastrano: Dise daquel que, tendo de que presumir non o fai.

pata jalicosa: Dise da perna mala dun coxo.

pataqueirada: Parvada, tontería (Ven nalgún dicionario). Frase: *non me veñas con dtxome dtxome nin pataqueiradas*: Que non contes rumores nin tonterías.

patatola: Chámaselle ós coxos.

patexa: Pedra, ferro ou calquera outra cousa ben pesada que, atada dun adival, fai as funcións dun rezón ou áncora, para embarcacións pequenas.

patín: Tramo curto de escaleiras exteriores que levan á porta dunha casa, normalmente necesario polo desnivel do terreo, rúa ou praza.

paxatas: Aquele que ten modos e costumes propios de mulleres. // Afeminado.

pe: Frase: *facen pe*: Non perde-la estabilidade. Dise moito na praia cando un se mete a andar pola auga: *vai andando mentres fagas pe*.

pea: Borracheira.

pechanco: Calquera peixe de tamaño pequeno.

peleilán: Dise de quen gusta máis da xoldra que de traballar.

pelele: Certa prenda interior de vestir, que usaban os nenos -non as nenas- moi pequenos. Era unha soa peza, sen mangas nin pernas, que tiña a parte traseira aberta dende a cintura á entreperna, polo que, para facer as súas necesidades, non tiñan máis que engruñalas pernas, de xeito que quedaba "todo" ó aire e non se luxaba o pelele.

peleire: Xogo máis ben de nenas, parecido á mariola. Utilízase un cacho de tella ou unha pedra plana, que hai que levar, empuxándoa cun pe, á pata coxa, a través de seis cadros. Os catro primeiros son cadrados e están de par, dous a dous, chamándose: IMBO, CACHIMBO, ANSO e DESCANSO e aquí descansa a xogadora. Os outros dous son rectangulares e ocupa, cada un deles, o espazo de dous dos anteriores. Estes chámanse: PIPIRI e GLORIA, que é onde acaba o xogo.

pelexa: Frase: *quita-la pelexa*: Falar mal dalguén.

pelexo, -xa: Pel dos animais e das persoas. Cantar: *Ese pandeiriño que ti tocas / zumballe Marica / eche da pelexa dunha vella / como repinica*. // Borracho, -cha.

pelexón: Borracho perdido.

peloura: Augardente.

pelouro: Dise da persoa forte, basta e bruta.

pello: Trozo de ferro de forma circular, que se utiliza no xogo da RA e máis no da CHAVE.

pemento: Na bisbarra betanceira cultívanse tres clases de pimentos, coñecidos por: JINDILLAS, MORRETES e MORRÓS ou DE MORRO.

pendango: Trozo de roupa interior que sobresaí da que vai por riba. // Roupa vella ou suxa.

penderiques: Colgaxos. // Frase: *prendido polos penderiques*: Preso polos pelos.

pendienteiro: O que vende baratillas.

peneireira: Que ten gracia, donaire.

peneireiro: Frase: *Libre coma o peneireiro*: Dise daquele que fai o que lle peta. Nesta frase a palabra PENEIREIRO debe de se referir á ave de rapina así chamada.

penícula: Película. Frase: *alá penículas*: Eu non quero saber nada.

penuxa: poma ou plumacho que remata o talo do mainzo ou millo.

peperete, piperete: Figurado: Muller guapa.

pequeniño: Darlle un pequeniño a alguén é meterlle a cabeza debaixo da auga, cando se están bañando.

pera: Frase: *facen ou tirar unha pera*: Masturbarse.

percebe: Familiar: Incauto, tontorrón.

percha: Figura, tipo (12). Frase: *ter boa ou mala percha*: Ter bon ou mal tipo.

perendango: Farrapo.

pereno: Cordo, sobrio, sereno. // Serio. // Calmoso.

perillo, de: Dise dunha cousa que senta moi ben: Frase: *caiche de perillo*.

périto: Persoa que fai traballos propios dun perito agrícola, sen te-lo título. Ós titulados dinlles: perito da hacienda.

perna: Frase: *abrirse de pernas*: Dar ou conceder o que a un lle pidan.

pernolas: Pernas grosas.

perra, perrachica: Moeda de cinco céntimos.

perrita: Caña ou augardente. O nome debe vir porque nalgún tempo unha copa de tal licor custaba unha PERRA (5 cms.).

perritilla: Borracho de caña. // Borracheira de caña.

perucho, peruchón: Rapaza maliciosa, aguda, alegre, que non repara en xogar a cousas que son máis propias de rapaces. Cantar: *Sementeí garabanzas / naceron faballós / as rapazas de agora / sonche moi peruchós*.

pesco: Abreviación de pescozada.

pesqueira: Algúns que tiñan fincas á veira do río, na zona onde chegan as mareas, rebai-xaban parte delas de forma que, ó enche-la marea, quedara cuberta pola auga. Ó baixar quedaban os peixes enredados nos vimbios, tarais e ramaxe que había plantados nesa zona.

pesqui peixe ou péscali peixe: Xogo no

que un home sostén un pau que, na punta contraria, ten amarrado un cordón e neste unha larpeirada. Os nenos teñen que pilla-la larpeirada coa boca, mentres o home a fai bailar, movendo a vara. -Citado por José Raimundo Núñez Lendoiro no seu libro "EL ANTROIDO EN LAS MARINAS DOS CONDES" I.S.B.N. 84-505-1078-3).

petaquiña: Cutre.

petenera: Borracheira.

petición: Maldición. Frase: *botouche moitas peticións*.

peto: Frase: *Caladiño coma un peto*: Que non di nada.

petromás ou **petromax:** Farol composto dun depósito de forma circular que se enchía de petróleo cunha especie de bomba manual, co obxecto de trasladar o combustible cara a CAMISA, que era un trozo de tea calada coma un cribo, do tamaño e forma dunha bombilla á que se lle plantaba lume, dando unha luz moi branca e intensa. Esta CAMISA estaba resgardada cun cristal ou fanal. Todo o conxunto tiña un aspecto semellante ó farol dun barco.

petrucial: Patrucial.

petrucio: Patrucio.

péxajo: Pexego.

pexejeiros: Frase: *ven plantar pexejeiros*: Dise do forasteiro que quere impoñerse nalgún sentido ou nalgunha cousa.

peza: Frase: *ser boa peza*: Dise do que é astuto, listo ...

pebida: Pebida, enfermidade das galiñas.

picaporte: Dise da parte dunha pechadura que cerra sen necesidade de chave.

picardel: Lugar onde se venden as hortaliças. (BETANZOS).

píldora: Se non se di máis enténdese a anticonceptiva.

pillota: 1) No xogo da estornela un dos xogadores ceiba a billarda, facéndoa brincar cun pequeno golpe co palau e, unha vez no aire, dalle con toda a forza para mandala lonxe. Os demais están agardando cunha prenda de roupa (chaqueta, blusa, cazadora) nas mans, á PILLOTA, pois se algún a pilla antes de caer á terra, pasa a lanza-la billarda. 2) Augas de PILLOTA son aquelas que non teñen dono ou usuario e que as utiliza para regar aquel que as pilla primeiro.

pillotada: Cantidade apreciable de algo. Frase: *tocoulle unha boa pillotada de cartos*.

pimbo: Golpe que se da cunha bola ou canica a outra, cando se está xogando.

pinabete: Certa variedade de pino.

pinaina: O mesmo que BUXAINA, pero en lugar de ser de buxo é de pino.

pinareta: pina.

pinche: Costa arriba moi acusada.

pincho: Guapo, elegante.

pinjoletadas: Gotas da chuvia, pingueiras (MEANGOS, ABEGONDO).

pinjón: Dise do nariz aquilino.

pinza: Pregues feitos na roupa mediante un cosido.

piña, piñoco, piñoque: Puñada.

piñuco: Acio pequeno, con poucas uvas.

piola: Augardente.

piollo: Piolla, na acepción de manchas miúdas que toma a roupa branca cando se garda húmida.

piriscallo: Pillabán.

pirracas: ¡MEU PIRRACAS!: Frase cariñosa que se lle di ós nenos.

pisto: Presunción. Frase: *darse pisto*: Darse importancia.

pluma: Certo tipo de gabardina de tea moi simple e delgada, de cor branca. // Entre os nenos: ventosidade, flatulencia.

podre: Úsase ás veces para indicar moita cantidade. Frase: *está podre de cartos*: Que ten moitos.

pograma: Programa.

político: Frase: *eses dous están políticos*: Dise de dous que eran amigos e que agora non se falan.

polo: Frase: *ser bon polo*: Dise da persoa que non é o que aparenta.

polla: Sorte. Frase: *ique polla ten!*: Que sorte ten. Hai outras nas que se lle alude sen nomeada: *tena lisa*; *tena cuadrada*. Ambalas dúas queren dicir que ten moita sorte. //Pene.

pollada: Brazada ou sexa, cada un dos movementos que se fan cos brazos, para nadar.

poma: Penuxe ou plumacho que remata a planta do mainzo ou millo.

pomada: Diñeiro.

ponche: Poción composta de leite, un ovo esleído nel, azucre e unha copíña dalgunha bebida espirituosa. Estaba moi recomendado nos casos de catarro e gripe.

pontica: Pontella.

poñedeira: Figurado: Rapaza garrida e colorada, que semella ás galiñas cando van poñer.

porco bravo: Xabarl.

porparado, porparar: Preparado, preparar.

porrillo, a: Con abundancia.

porta: Frases: *botar por portas*; *mandar a un polas portas*: Arruinar a alguén. Obrigalo a mendigar.

portuxés: Portugués. É unha palabra moi extendida, sen embargo poucas veces se oe dicir PORTUXAL.

postre: Nunha partida de cartas o último en xogar.

pote: Frases: 1) *pote a pote*: Cheo ó máximo. // Preamar. 2) *darse pote*: Darse importancia, presumir.

potra, potruído: Sorte, home con sorte.

pouquedá: Pouquidade.

pouso: Espacio dunha edificación comprendida entre dúas trabes. (CURTIS, SOBRADO, VILASANTAR). Na zona onde se usa esta palabra dividen os edificios por poucos, de xeito que nas partillas atópanse expresións de este tipo: *Adaudícanse catro pousos do edificio destinado a pendella, contados a partir da porta principal*.

poza: Fochanca, inda que non conteña auga.

pre, a: Empatado, igualado; desquitado, vingado.

preeiradas: Larpeiradas, lambetadas.

preeiro: Dise daquel que todo lle vale, sobre todo tratándose de mulleres.

prendible: Imperdible.

prenciar: Pronunciar.

presinarse: Persignarse.

presunto: Touciño.

primo: Parvo, fácil de enganar.

prospeuto: Prospecto.

provocar: Vomitar.

puntada: Frase: *non da puntada sen fio*: Non fai nada ó que non lle saque algún interés.

puñetero: Aborrecido, impertinente (Americanismo).

Q

queixón: Caixón. // Home que se queixa de todo.

quica: Galiña nova.

quiquiriquí: Certa casta de galos ananos.

R

rabuña: Brotes que saen do tocón, despois de talar unha árbore, ou que saen dunha carambulla enterrada e que serven para inxerir neles.

rabusco: Frase: *ir ó rabusco*: Chámaselle ó feito de iren os rapaces ás viñas, despois de feita a vendima, para comer todo aquilo que non foi vendimado (3).

rachear: Cambia-lo vento de dirección.

radiolo: Gladiolo (úsase en varias aldeas dos arredores de Betanzos).

ramponio: Persoa pesada, rallante, insistente.

randa: Farrista, pillo.

randear: Andar de farra.

raqueno: Requeno.

rasear: Rasar, nivelar. // Pasar unha ave ou un avión cerca do chan.

rata: Figurado: Vulva da muller.

rato ou ratiño: Resplandor do sol proxectado cun espello.

real: Frase: *cen réas son cinco pesos*: Dise para indicar que unha cousa é evidente.

rebeirán, na: Ribeirán, ribeirana.

rebolada: Golpe que se da coa man, aberta ou pechada, facendo xirar o brazo desde unha posición de ángulo recto co corpo, como se fora unha rebola.

rebolete: Neno pequeno e groso.

rebolta: Monte comunal dividido en tenzas e arroteado.

recadén: Cadril, cadeira.

recío: Rocío.

recobrar: Facerse cunha finca exercitando o dereito de RECOBRO.

recobro: Dereito que as leis conceden ós colindantes, arrendatarios, condónimos, etc. de facerse cunha finca, cando ésta é vendida a terceira persoa, polo prezo que figura na escritura.

reconocer os fillos: Facer testamento.

recovexo: Lugar oculto, difícil de atopar. // Cousa sinuosa.

recho: Estómago de porco.

redículo: Ridículo.

reducido: Dise da persoa baixa pero ben proporcionada.

refervido: Resabido.

refis: (Algúns pronuncian RECIS): Corrente derivada de outra principal e de dirección contraria, que se produce en determina-

dos lugares como recodos ou remansos das rías ou ríos, consecuencia das marcas. (Castelán: REVERSA).

refrexar, refrexo: Reflexar, reflexo.

refujado: Vivaz e impaciente.

refujallo: Dise do neno revoltoso que non para.

rei-rei: Insecto coleóptero de élitros vermello con pinchas negras. No xogo de saltar á corda, mentres saltaba unha, dúas movían a corda e cantaban algo que concordaba co xogo. Un dos cantares era o seguinte: REI-REI, CANTOS ANOS DURAREI, VINTENO-VE, NON O SEI, eiquí contaban 29 saltos, que tiña que dar a que xogaba, pois senon perdía.

reineta: Clase de mazá.

rejar: Non esgotar unha cousa. Repartila co fin de que dure para varias veces.

rejo: Frase: *traer ó rejo:* Endereza-la conducta de alguén.

remexedoiro: Dise daquel que se mete en todo, discute de todo ...

repelar: Dise cando unha tea, por efecto do uso perde pelo e adquire brillo.

repichoca: Peza musical de difícil execución pola moita dixitación que precisa.

repolada: Comida a base de repolo.

reportorio: Repertorio. En especial chámasele ós almanaques que predñ o tempo: ZARAGOZANO, GAITEIRO DE LUGO, etc.

republicar: Protestar.

requítico: Raquítico.

retenido: Frase: *andar retenido:* Ter dificultades para defecar.

retirado: Lugar un pouco "retirado" nos bailes públicos onde bailaban os matrimonios, parellas de mozos e outras de certa amizade, por mor de non ter que CEDE-LO BAILE. (Véxase CEDER).

retracto: (Véxase RECOBRO).

retraer, retrauto: (Véxase RECOBRAR). Frase: *púxenñe retrauto:* Exercitar o dereito de recobro.

revolvtempos: Revoltoso, axitador, revolucionario.

revuelo: Así se lle chamou en Betanzos ó inicio da guerra civil.

rexumido: Fraco, sen graxa.

rexumir: Encoller.

rezar: Frase: *vai rezar:* Díselo a alguén para que deixe de molestar.

riño: Forte e aveso.

rifón: Dise daquel a quen gustan moito as mulleres.

rilleira: Frase: *non jarda rilleira:* Sen orde nin concerto. // Dise de quen fai as cousas como quere e non como debe. // Dise tamén cando un se extralimita ou se desmanda.

rinche: Dise do lugar onde ten que ir aquel que perde nos xogos que son por eliminación. Por exemplo: No xogo de saltar á corda dous fana xirar e os outros saltan: cada un que ó saltar o fai mal ten que deixa-lo xogo e díselo: Ti ó RINCHE. O xogo acaba cando todos están no RINCHE.

río: Lavadoiro, sitio onde se lava, inda que sexa unha pía.

riscar: Rubricar e incluso firmar.

risco: Rúbrica.

risón: Pequena áncora para embarcacións tamén pequenas. // Reazón.

rolo: Rol.

roncollo: Dise do home que se supón estéril.

ronquexo: Ronquido. // Dise do que está rouco.

rostroballo: Restroballo.

rotina: Manía.

roupa: Frase: *hai roupa a estender:* Advertencia a quen está falando de que hai nenos que non deben oír a conversa. Outra frase: *roupa de batalla:* Roupas ordinarias, para traballar.

rumusmús: Remusmús. Rumor. Nova que vai de boca en boca e ninguén sabe se é certa.

rusa: Chamábaselle a certo tipo de "zamarra", de aspecto militar, que tiña o colo e as bocamangas de pel ou astracán.

ruta batida: Ir de ruta batida dise daquel que vai cara a un sitio sen mirar por onde nin reparar en nada do que hai polo camiño.

ruxido, -da: Dise de todo aquilo que ten a pel enrugada.

S

sábena: Saba.

sabencio: O que presume de saber moito.

saboneta: Reloxio de pulseira. É un castelánismo pero con distinto significado, posto que en castelán quere dicir: "reloj de bolsillo con tapa en su esfera".

salapotes: Dise daquel que se mete en todas as cuestións domésticas.

saleante, -ta: Dise da persoa amiga de an-

dar pola rúa e estar o menos posible na casa.

salfurio: Home que se irrita facilmente; colérico.

salido, -da: Sensual, voluptuoso, ardente.

sanjallo: Doces ou trozos de roscón e biscoitada que se dan os que foron a unha voda ou festa de patrón, para que leven de proba ós familiares que quedaron na casa.

santiajesa: Certa mazá que se logra no mes de xullo.

santo: Frase: *santo de pau de madeira*: Dise daquel que pasa por ser moi bo e que non o é tanto.

santos: Polos anos 30 había dúas clases de caixas de mistos: A máis barata (custaba unha perra) constaba dun caixonciño sen tapadeira, onde viñan os fósforos, introducido nun envase no que encaixaba perfectamente, formando deste xeito un paralelepípedo. Ós dous paralelogramos máis grandes, que formaban as caras superior e inferior da caixa, unha vez pecha, chamábamolles os nenos SANTOS, tendo máis aprecio, pola nosa parte, o da cara superior que o da inferior. Estaban feitos de cartolina de mala calidade.

A caixa de mistos máis cara (custaba un patacón) tiña a mesma forma. Era máis grande e a cartolina de superior calidade. Toda ela forma unha soa peza e a tapadeira (cara superior) podía erguerse e, mediante un mecanismo constituído por dous aramios pequenos e dúas gomíñas, quedaba ergueira ata que mediante a presión dun dedo se abaixaba. Na parte superior ou tapadeira e na inferior ou contraria, traía cadansúa fotografía, todas elas de cidades de España e a máis apreciada para nós, era unha de Betanzos, na que viña o Arco da Pontenova. (Aquí chámanselle arcos ás portas da cidade). Estas fotografías, unha vez recortadas, chamábanse FINURIAS.

Tanto cos SANTOS como coas FINURIAS xogabamos os nenos a tres xogos diferentes: SANTO OU CARTON, Á PAREDE e Ó CUADRO.

sarampóm: Sarampelo.

sarna: Avaro; cutre.

sarodio: Serodio.

saturnino: Estornio.

sedel: Sedal, sedela.

semexante: Semellante.

semillar: Sementar. // Inseminar.

señorito: Frase: *señorito de caldo á merenda*: Dise de quen presume e non ten de que.

séneca, sénica: Arsénico. Frase: *malo coma a séneca*: Malo coma o veneno.

serdas: Pelo de moitos animais coma o cocho, xabará, a crina dos cabalos, etc.

serda: Crina.

serrano, -na: Persoa de contestacións tallantes, que non ten pelos na lingua.

seses: Vermes que aparecen na carne de cocho contra os ósos, especialmente no xamón.

sin: Sen (Preposición).

sinto: Agás, excepto. Frase: *foron todos sinto aquel*.

sombrilla: Paraugas.

somellante, somellar: Semellante.

soro: Esperma, semen

sortir: Saír ou partir cara a un sitio determinado. Sempre o oín en infinitivo. (CURTIS e, máis concretamente, en TEIXEIRO).

suiña: Suiño, hipócrita.

surada: Vento do Sur que, en moitas rías coma a de Betanzos, nótase porque mete moita auga cando enche a marea.

surar: Facer arrollos a pomba.

T

tabeirón: Tiburón.

tabellón: Trampa para cazar.

taboleiro: Conxunto de táboas que permiten abrir e cerrar unha tenda ó quitálas ou poñelas. Encaixan en dúas corredizas: unha na parte superior do mostrador e outra colocada contra o teito.

tacear: Andar tomando viños inda que non sexan cuncas.

talabarte: Aquel que non vale para nada.

taladrado: Louco, ido.

taleta: Fala de balde.

tallar: Frase: *talla-lo bacallao*: Dise de quen manda ou dispón.

tantarantán: Arrempuxón.

tapaburatos: Chámaselle ó derradeiro fillo.

tapalatá: O que fala moito e non sabe o que di.

tarreo: Terreo, na acepción de finca de labor.

tataruxa: Muller que fala moito e non sabe o que di.

teléfano: Teléfono.

tenderete: Telderete.

tenedor: Cando as fiestras abrían normalmente para fóra, as follas suxetábanse cunhos

artefactos de ferro que estaban suxeitos ó marco ou á parede por unha argola e no outro extremo tiñan un gancho que se introducía noutra argola que estaba parafusada na folla da fiestra, impedindo que se batera co vento. Este artefacto chamábase **TENEDOR**.

teniente: Familiar: Xordo.

testa: Lindeiro.

testar: Lindar de "cabeza" o que quere dicir que non é a única finca que toca naquel lindeiro.

testarrán: Terco.

testigos: Dúas pedras de seixo, de forma redondeada, que se enterran a carón dos marcos que deslindan as fincas. Estas pedras teñen semellanza cos testículos e daí o nome.

tirabalas: Tiragomas, tirador.

tiravales: Tiragomas.

tirís: Ictericia.

tofa: Tiña.

tofeno: Tiñoso.

tole-tole: Remusmús.

tomar: Frase: *ten a voz tomada*: Está afónico.

tonaxe: Dise da cantidade de herba que se sega de cada vez.

tontarrón, tontorrón: Tonto.

tope: Calquera dos recipientes que se usan para o viño.

torar: Cortar en toros un tronco dunha árbore ou un peixe.

torno: Xarda pequena.

tosconexar: Toquear.

toxo rateño: Toxo gateño.

trabatel: Xanela feita contra o teito, que se pode abrir tirando dun cordello, pois xira sobre uns pernos colocados no medio e medio dos marcos laterais.

tracaburro: Acción ou feito de tracaburrar. // Tracaburrada. // Confusión, malentendido.

tractorar: Traballar co tractor igual que arar é traballar co arado.

tramancos: Tamancos. Aplícase ás cousas que exceden do normal: Uns zocos moi grandes; un cacho de pan moi grande.

tranjanillo: Todo aquilo que molesta, que estorba.

trapelear, trapeleiro: Trapelar, trapeleiro.

trasanado: Dise do froito que pertence a unha colleita anterior á presente.

trastada: Travesura, cousa propia dun neno traveso.

traste: Aplicado a un neno: Traveso, inquieto, revoltoso.

tratible: Tratable, afable.

traxeado: Ben vestido.

trebulé ou **tribulé**: Fritura de fariña, auga e ovos amasados.

trenceiro: Liante.

trenvía: Tranvía.

trevisco: Trovisco.

troba: Melenas dun home.

trolla ou **troia** (con o aberta): Parvo, tonto.

troutrou: Persoa torpe.

tudesco, -ca: Dise do rapaz ou rapaza listos, agudos.

tumbar: Facer ruído dando golpes.

tumbo: Ruído provocado por un golpe, aplícase sobre todo ó que fai un corpo ó caer.

turuleco, turuleque: Dise daquel que non ten moito senso.

turuta: Dise do que toca a corneta no Exército. Procede do euskera: *Tturutta*: Trompetiña

tusijar: Tusir debilmente.

tusijeira: Ataques de tos.

tute: Dano, mais ben moral que físico. Frases: *Levou un tute*: Levou un desengano, unha decepción; *pejáronlle un tute*: estafárono.

U

uchavo: Moeda antiga.

unhes: Uns ou unhos.

untamento: Axuntamento.

us: Uns ou unhos. Frase: *a us coma os de viuxa*: Dise cando en calquera xogo os contendentes están empatados a un tanto ou a un "chico". Esta frase é moi da cidade de Betanzos, onde case toda a xente chama VIUXA ó lugar de VIUXE, da parroquia de Piadela, que é ó que se refire a frase.

usté, ustedede: Vostede.

V

vaca: Nomes que se lle dan ás vacas, tendo en conta as distintas características delas: **CARETA**: A que ten na cara manchas brancas; **GARRIDA**: Bonita, fermosa; **LINDA**: Bonita; **MARELA**: Pola cor; **MORA, MORENA** e **PARDA**: O mesmo que a anterior; **PERUCHA**: Brincadeira; **PINTA**: Que ten varias co-

res; PIRICA: Amiga de brincar; ROXA e TEIXA: Pola cor; TORA: De cor negra; XUVENCA: Chámaselles mentres son novas.

vagoneta: Vago.

vaina: Pillastre. // Mal negocio: *Metinme nese negocio e levei unha vaina.* // Pufio, estafa.

valvirón: Face-las cousas de calquera maneira. Frase: *Isto está feito a valvirón.*

vara: Cada unha das partes en que está dividida unha revolta, que corresponde a cada unha das familias ou "casas" que entran no reparto.

varanda: Frase: *ir de varanda:* Ir de esmorga.

varandas: Farrista.

vareño ou bareño: Dise do porco que, por máis que coma, non engorda. Por extensión dise dos demais animais e incluso das persoas.

vareta: Vara pequena e moi delgada. Había un arte de cazar paxaros cunha VARETA empapada en visgo e cravada nun cacho de pan. O paxaro baixaba a picar no pan; os rapaces asustaban ó paxaro e cando este abría as alas para voar, as plumas quedaban envisgadas na vareta e non podía fuxir.

varrer, a: Con abundancia, con exceso.

veltrecha: Ventrecha, non sentido de ventre do peixe.

vejeiro: O que fai e repara cestos con vergas. Hai anos andaban polos pobos e aldeas, coas vergas ó lombo, pregoando que compoñían cestos. Cando a xente os oía dicía que ía chover.

ventimperie: Intemperie; ó aire libre; sen resgardar.

ventureiro, -ra: Aquilo que nace fóra de tempo. Por exemplo: Patacas ventureiras son as que nacen dalgunhas que quedaron na leira por descoido.

vertedeiro, -ra: Fragadeiro. Frase: *Fregar de vertedeiro:* Fregar os cacharros despois das comidas. Cantar: *Dame lume Sara / Polo vertedeiro / Dame lume Sara / Que son mariñeiro.*

verter augas: Mexar.

véspora: Avespa, vespa.

verzas, verzotas: Parvo.

vestir: Emprégase moitas veces coa acepción de vestir ben: *Fulana anda moi vestida:* O que non quere dicir que traía moita roupa senón que a roupa que trae é boa.

vexijeiro: Choqueiro.

vez: Frase: *¿quen da a ves?:* ¿Quen é o último do turno?

viceversa: Frase: *é un viceversa:* Espírito de contradición. Persoa que sempre opina en contra.

vicio: Vizo, referíndose ás plantas. Frase: *foise ó vicio:* Está vizosa.

vidrado, -da: Dise xeralmente das patacas cando quedan na leira sen recoller e chove por elas, pois collen por dentro unha cor verdosa e un aspecto cristalino.

vilinxín: Home de mal vivir.

vinaxeiras: Vasillas en que se serve o viño e a auga na misa.

vinculeiro: Fillo único.

viño da terra: En Betanzos hai uns anos denominábase así ó VIÑO DO PAIS.

virado: Enfadado.

virola: Verola.

virullilla: Delgado, esgumiado. (Pode proceder de Cuba, onde quere dicir pouca cousa).

vixija: Vexiga.

volado, volao: De seguida; ó momento.

volteeiro: Aquel que lle da volta ás cousas nunha conversa, para intentar saír coa súa e que lle dean a razón. // Sofista.

volto: Diferencia que se devolve cando se fai un pago con máis cartos dos que importa a mercadoría.

voz: Na zona de Curtis dise da parte que corresponde a unha casa nun monte común.

X

xabrón: Frase: *¿Que máis da xabrón que fío negro, se todo é pa roupa?:* ¿Que máis da dunha maneira que doutra, se o fin é o mesmo?

xajata: Muller que seduce ós homes.

xaljareteiro, -ra; xaljereteiro, -ra: Alegre, festexeiro. // Fervellasberzas.

xarabe: Xarope. Zume. Frase: *xarabe de pau:* Tunda, malleira. Cantar: *A muller do tío Mateo / Xarabe do meu / Ten unha xoroba / Que ña fixo o tío Mateo / Xarabe do meu / Co rabo da escoba.*

xarjón: Xergón.

xaveca: Tunda, malleira.

xebra: Algas que quedan na area das praias ó baixa-la marea. Frase: *ule a xebra:* Dise do ulido característico do mar.

xente da tralla: Xentualia. // Xente de malos costumes e mal vivir.

xeste, jeste: Chámaselle á convidada que se da cando se fai a cubrición dunha casa, a todo-

los que traballaron nela. Tamén se repite ó acaba-la obra.

xiljara: Figurado: Rapaza espabilada e lista.

xiropato: Algo que non existe na realidade e que se considera sen valor. Frase: *¿que máis da un cempés que un xiropato?*: Que máis da unha cousa que outra se ningunha ten valor.

xivado: Persoa que non se inmuta inda que lle digan á cara cousas vergoñosas e certas.

xojantín: Persoa que xoga por vicio.

xojar: Frase: *xojar a cara de can*: Sen desquite, sen revancha. Quere dicir que a cada partida xogada hai que toma-la consumición que se xoga e pagala quen perdeu.

xudía: Planta leguminosa semellante ó tirabeque, chícharo, etc.

xués: Xuiz.

xusjado: Local onde o xuiz exerce as súas funcións.

xusjar: Xulgar.

xufrar: Enxofrar.

xufre: Xofre.

xuliana: Chámaselle ó que din ser a femia do rape ou peixe sapo, de peor calidade que éste.

xunca: Certa herba mala. As raíces dela atravesan as patacas cando están na leira.

xuntar: Frase: *andar á xunta*: Coleccionar.

xuntoiro: Pandilla. Reunión de xente. Frase: *mal xuntoiro*: Pandilla que non ofrece confianza.

xurar: Blasfemar.

xurdo: Zurdo.

xusticiada: Pleito.

xusticiar: Pleitear.

xusticieiro: Pleiteante.

Z

zada: Aixada.

zadón: Aixadón.

zafranada: Bofetada.

zamina: Tunda moi grande.

zanfona: Muller que non é lista nin traballadora nin limpa.

zapateiro: Frase: *quedar zapateiro*: Dise daquel que nun xogo non fai ningún tanto.

zarrapalleiro: Farrapeiro. // Chafalleiro. // Trapalleiro.

zarrapallada: Zaragallada.

zarrapallar: Enliar.

zazamelo: Tatexo, zarzamelo.

zreixa: Cereixa (PRESEDO, ABEGONDO).

zruque: Azúcar.

zucres: Azúcar.

zufrar: Enxofrar.

zulú: Persoa de poucas palabras.

zumar: Pegar, bater, zurrar.

Betanzos, 1989.

BIBLIOGRAFÍA:

- (1) FRAMPAS -Contribución al Diccionario Gallego, de Eligio Rivas Quintas- Ed. CEME, Salamanca -ISBN 84-7349-019-3.
- (2) GLOSARIO DE VOCES GALEGAS DE HOXE, de Constantino García; publicado en VERBA. Anexo 27 -Univ. de Santiago de Compostela- ISBN 847191-363-1.
- (3) DICCIONARIO ENCICLOPEDICO GALLEGO-CASTELLANO, de Eladio Rodríguez González. Ed. Galaxia, Vigo, 1958. Dep. Legal PO 85-1958.
- (4) DICC. GALEGO-CASTELAN, de X.L. Franco Grande, 5a ed, 1980 -ISBN 84-7154-024-X-GALAXIA.
- (5) DICCIONARIO DA LINGUA GALEGA. Ed. IR INDO -ISBN 84-7680-000-2.
- (6) DICCIONARIO XERAIS DA LINGUA. Ed. Xerais -ISBN 84-7507-241-0.
- (7) Diccionario de Usos Castellano-Gallego -Xosé Ma Freixedo Tabarés- Fe Alvarez Carracedo- Ed. Añal -ISBN 84-7600-025-1.
- (8) Diccionario del Español Moderno -Martín Alonso- Ed. Aguilar -ISBN 84-03-27070-4- 6a ed. -1a reimpresión- 1981.
- (9) DICC. DE LAS LENGUAS DE ESPAÑA -1a ed. mayo de 1985- Ed. Anaya -ISBN 84-7525-364-8.
- (10) DICCIONARIO IDEOLOGICO DE LA LENGUA ESPAÑOLA, de Julio Casares. Ed. Gustavo Gili, 2a ed. (12 tirada) -ISBN 84-252-0126-8.
- (11) ENCICLOPEDIA DEL IDIOMA -Martín Alonso- Ed. Aguilar -ISBN 8403-27999-X.
- (12) DICCIONARIO DEL ARGOT ESPAÑOL, de Víctor León. Alianza Editorial -ISBN 84-206-1766-0.
- (13) HIZTEGIA BI MILA -a.g. elkar, s. cOOP. -isbn 84-300-3368-8.



*Fotografía realizada por D. José Veiga Roel arredor de 1952. Xentileza de D. José Manuel San-
juán Infante, quen aparece de pé.*



*ENTIDADES CULTURAIS
E DEPORTIVAS, ...*

Sección		Código	Nº	Signatura
Serie				
Datos límite				

Arquivo Municipal de Betanzos

Libros de actas capitulares ou do

1.1.1. CONCELLO. PLENO

1.1. GOBERNO

1. ARQUIVO MUNICIPAL DE ...

